

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 9

SESION ORDINARIA (maio) 2 DE XUÑO DE 2014

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Silva Rego, M^a Carmen
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Araújo Pereira, Marcos.
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTEN

Álvarez Pérez, José Luís (Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día dous de xuño do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno o Secretario accidental D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme

á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(75).- ACTAS ANTERIORES: (ACTA ORDINARIA DO 31.03.2014 E EXTRAORDINARIA DO 28.04.2014).

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes á sesión ordinaria do 31 de marzo e extraordinaria do 28 de abril de 2014.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non houbo.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(76).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO ANO 2014. EXPTE. 7275/540 (886/1101)

ANTECEDENTES.- O Tesoureiro municipal por escrito de data 22 de abril de 2014, informa do que segue:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

INFORME.-

I.- O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos.

II.- A estes efectos, o apartado 4º do artigo 216 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), na súa redacción dada polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, establece que:

“4. A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4, e se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao inicio do cómputo de prazo para a remuneración de intereses, o contratista deberá de ter cumprido a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos

que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación.

En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, a remuneración de intereses non se iniciará ata transcorridos trinta días dende a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobase a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente aboamento."

Neste sentido, o artigo 222.4 da LCSP, relativo ó cumprimento dos contratos, dispón que:

"4. Agás nos contratos de obras, que se rexerán polo disposto no artigo 235, dentro do prazo de trinta días a contar dende a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato, e aboárselle, se é o caso, o saldo resultante. Non obstante, se a Administración Pública recibe a factura con posterioridade á data en que ten lugar a devandita recepción, o prazo de trinta días contarase dende que o contratista presente a citada factura no rexistro correspondente. Se se producise demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais."

E, por fin, no parágrafo 2º do apartado 1º do artigo 235 da LCSP, en relación ó cumprimento do contrato de obras, establécese un prazo máximo de tres meses, contados a partir da recepción da obra, para que o órgano de contratación aprobe a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo de trinta días previsto no artigo 216.4.

III.- O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou unha guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio

(<http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/GuíaMorosidad.pdf>) , que dispón que os informes, referidos ao último día de cada trimestre natural, haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentos de pagamento ao final do mesmo. Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- a) Pagamentos realizados no trimestre.
- b) Intereses de demora pagados no trimestre.

- c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

A citada guía establece expresamente que deben incluírse no informe as facturas litixiosas e, no seu caso, os gastos sometidos a convalidación.

IV.- A *Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas* emitiu o 15 de xaneiro de 2014 unha Nota relativa á aplicación da disposición transitoria 10ª da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local, na que expón que para o cálculo do período medio de pagamento a provedores teranse en conta os seguintes criterios: *“Entenderase por número de días de pagamento no ratio incluído naquela Guía, os días transcorridos dende a data de inicio da obriga de pagamento, de acordo co previsto nos artigos 216.4, 222 e 235 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro ou no artigo 4 da Lei 3/2004, de 29 de decembro, segundo corresponda (con carácter xeral, nun prazo de 30 días dende a data do recoñecemento da obriga, que, á súa vez, deberá terse producido nun prazo máximo de 30 días dende a recepción da factura ou solicitude de pagamento equivalente), e a data de pagamento material.*

Entenderase por número de días pendentes de pagamento no ratio incluído naquela Guía, os días transcorridos dende a data de inicio da obriga de pagamento, de acordo co previsto na LCSP ou a lei 3/2004 segundo corresponda, ata o día 31 de decembro de 2013.”

En definitiva, que terase en conta como número de días de pagamento para o cálculo do período medio de pagamento a provedores, os días transcorridos dende o data do recoñecemento da obriga ata a data do pagamento efectivo ou material, seguindo as instrucións emanadas polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

V.- En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigacións correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2014 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigacións pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo.

Resumo das principais magnitudes contidas no informe:

a) Pagos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de pagos: 1.643
- Importe total: 29.199.007,60 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de pagos: 1.011
- Importe total: 4.753.972,66 euros

Período medio de pago (PMP): 19,93 días

O "*Periodo medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que se tardou en realizar os pagamentos.

Período medio de pagamento excedido (PMPE): 27,81 días

O "Período medio de pagamento excedido" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pagadas fora de prazo excederon do prazo legal.

b) Intereses de demora pagados no trimestre.

- Número de pagos: 0
- Importe total de intereses: 0,00 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de operaciones: 242
- Importe total: 1.860.147,56 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de operaciones: 8
- Importe total: 45.242,51 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 10,79 días

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Período medio pendente de pagamento excedido (PMPPE): 32,78 días

O "Período medio do pendente de pagamento excedido" a final do trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pendentes de pagamento ao final do trimestre excederon do prazo legal.

d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

- Número: 0
- Importe total: 0 euros

Período medio de operacións pendentes de recoñecemento (PMOPR): 0,00 días.

O "Período medio de operacións pendentes de recoñecemento" a que se refire o apartado 4 do artigo quinto da Lei 15/2010, é o indicador do número de días media de antigüidade destas operacións."

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 27 de maio, tomou coñecemento de todo o anterior.

DEBATE:

SRA. SILVA REGO: O certo é que hoxe o Goberno Municipal síntese moi satisfeito de poder informar sobre o informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello de Vigo. Durante o primeiro trimestre do ano 2014 realizáronse 2.654 pagos por un importe que ascende a preto a de 34 millóns de euros, e o período medio de pago durante este período é de 19,93 días, repito, de 19,93 días, cando vostedes saben que o prazo legal establecido é de 30 días.

Polo tanto, unha xestión extraordinaria do Goberno Municipal, eu quero recoñecerlle aquí aos funcionarios de Concello de Vigo o seu extraordinario labor porque realmente é insuperable poder facer fronte aos pagos en só 19,93 días.

Como referencia para entender este período tan baixo de pago, hai que facer referencia ao ano 2013, este foi de 27,57 días, cumprindo todo o ano 2013 coa Lei

de Morosidade, pero que neste momento por debaixo de 20 días.

Así mesmo, o período medio pendente de pago ao final deste trimestre que é a media da antigüidade das operacións pendentes de pago, pasou a 10,79 días que tamén supón un mínimo histórico, non só no noso Concello senón en relación a tódolos concellos do noso entorno.

Ademais hai que destacar que non existe ningunha factura pendente de tramitar transcorridos tres meses dende a súa anotación no rexistro, nin se abonou neste trimestre ningún importe en concepto de intereses de demora, cero intereses de demora. Estes datos permítenme polo tanto, e o fago dende a humildade pero tamén dende o orgullo, dicir que son datos extraordinarios. Esta afirmación non se basea nunha análise subxectiva, senón na análise comparativa con outras administracións. Convén destacar que segundo o informe de 2014 do Observatorio de Morosidade da Asociación Española de Traballadores Autónomos, que tódalas administracións toman como referencia, as administracións públicas non seu conxunto tardan en pagar as facturas emitidas en 111 días, prazo moi afastado dos 30 días que establece a Lei de Morosidade e a Directiva Europea que temos todos que cumprimentar, así o período medio de pago da Administración Central é de 34 días, mentres que as comunidades autónomas pagan de media en 124 días, e os concellos no seu conxunto en 98 días, unicamente o 33% dos traballadores por conta propia cobran as facturas que emiten ás administracións públicas antes de 90 días, e o 14,8% tarda máis de seis meses en cobrar.

Á vista destes datos obxectivos, elaborados por unha institución que fai as análises dende un punto absolutamente obxectivo e tendo en conta as facturas que se estudan, deixan ben, clarexa que o Concello de Vigo segue a ser un referente, un exemplo na súa xestión económica. Isto ademais, non só é un orgullo para un goberno que funciona ben, que xestiona ben as contas, senón que ademais permite que a economía, que a actividade económica poda seguir a manterse xa que aos autónomos, as empresas, deste xeito teñen a capacidade de ter liquidez e polo tanto de facer fronte as súas obrigas e de manter a actividade económica e o emprego, e isto é o realmente importante. Volvo repetir, é insuperable poder pagar en 19,93 días as facturas pendentes, ningún outro concello o fai.

SRA. VELOSO RÍOS: Facía a Sra. Silva referencia á comparación con outras

administracións, a nós gustaríanos facer unha comparación con esta propia administración, cando se fala dunha xestión extraordinaria dos recursos deste Concello e faise referencia aos pagos tan áxiles das facturas a provedores. A nós gustaríanos lembrarlle a este Goberno que os cidadáns/as de Vigo tamén son provedores, en certa maneira, do Concello de Vigo porque ao fin e ao cabo os cartos que se xestionan aquí son cartos públicos, de todos/as, que chegan tamén a través dos impostos e polo tanto cada cidadán/á como provedores e polo tanto merecemos tamén que se nos respecte e que se nos pague desa maneira tan áxil e tan extraordinaria como se está dicindo hoxe que se paga ás empresas que facturan ao Concello de Vigo.

Nese sentido lamentamos que non se realice a xestión dunha maneira tan extraordinaria e tal áxil cos cidadáns/ás da nosa cidade.

Non imos falar aquí das 3.000 axudas que están colapsadas nos servizos sociais deste Concello, senón tamén doutras débedas que ten este Concello con cidadáns/ás que non pagan en 19,3 días, senón que levan máis dun ano sen pagar, por exemplo; traemos aquí a este Pleno e neste punto un correo electrónico dun cidadán da nosa cidade que se lle enviou directamente ao Sr. Alcalde de Vigo, e queremos traelo aquí e lelo aquí porque como non tivo resposta ao mellor é que non o recibiu e polo tanto esa é a razón de que non a contestara, e así asegurámonos de que si se lle conteste. Un cidadá de Vigo que conta neste correo electrónico que no mes de outubro de 2013, baixando pola rúa Coruña, unha tapa de sumidoiro golpeou os baixos do seu vehículo provocándolle danos por valor de 700 euros. Unha vez comparecidos dous compoñentes da Policía Municipal realizaron as correspondentes fotos e a toma dos datos necesarios para a reclamación dos danos, indica por certo que o trato recibido por parte da Policía Local foi en todo momento correcto. Desgraciadamente este cidadá, como moitas persoas de Vigo, está no paro e a súa familia subsiste gracias ao traballo da súa esposa no servizo de atención domiciliaria á xente enferma e o vehículo resúltalle imprescindible para realizar o seu traballo. A súa situación económica, explica, está ao límite dende que viron obrigados a ter que desembolsar os 700 euros da reparación. O accidente sucedeu en outubro de 2013, a documentación entregouse no Concello o 29 de novembro de 2013, e a data de hoxe continúan agardando a recuperar os seus cartos. Están solicitando encarecidamente que se lles dean os

seus cartos para recuperar un pouco de aire, literalmente, xa que lles custa moito chegar a final de mes. Este correo que foi enviado á Alcaldía non recibiu ningún tipo de resposta, e os cartos seguen sen cobralos, estamos falando de cidadáns/ás de Vigo que como ben explica están atravesando situacións económicas difíciles e levan case un ano agardando a que o Concello lles dea os seus cartos, ogallá fosen vostedes tan sensibles como coas empresas e se lles desen os cartos á cidadanía en prazos polo menos semellantes aos que acaba de expoñer agora a Sra. Silva.

SR. FIDALGO IGLESIAS: No último Pleno o Goberno Municipal deu conta do nivel de execución do Orzamento e puidemos comprobar que as cifras ata o 31 de marzo eran bastante discretas, a execución de ingresos non superaba o 13% e respecto aos gastos a execución era tamén baixa e non superaba o 15%.

Víamos tamén onde o Concello ten os seus cartos, e víamos que o 46% están no Banco Popular, o 22% no Banco Santander e o 12% no BBVA, pero os datos que se trasladan do informe de Tesourería e os que se dan conta hoxe aquí non son nin extraordinarios nin insuperables como di a concelleira a Sra. Silva, porque o informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello, nese informe vemos que se ben hai facturas, o 62% efectivamente páganse dentro do prazo, nunha media de 20 días, vemos tamén como o 38% das facturas, 1.011 facturas que non son poucas, páganse fora de prazo, cun atraso medio de máis de 27 días.

A Deputación de Pontevedra, dicía que eran datos insuperables e para mostra un botón, paga en 17 días.

Os datos non os aporta o Partido Popular, Sra. Silva nin Sr. Alcalde, apórtaos o o Tesoureiro do Concello, e lémbrollo dos 2,654 pagos o 62% dentro de prazo, en vinte días, 19,90 días, e o 38% fora de prazo, con máis de 27 días de atraso. Así que os datos non son para quitar peito, nin presumir e si son para mellorar, traballar máis e mellor porque si que son superables e pódense mellorar.

SRA. SILVA REGO: Está claro que algúns non aprenden, que fale quen fale, falen os cidadáns, o diga alto e claro non aprenden, seguen situados na demagogia, non estudan os expediente que veñen a este Pleno porque hoxe, neste punto, estamos falando do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o

pago de obrigas do Concello de Vigo, que é unha obriga legal, tamén hai algúns que parece ser que tampouco lle gusta que cumpramos coa legalidade en lugar de falar deste informe, de telo estudado, de falar do que teñen que falar, veñen aquí a falar dun cidadá exclusivamente que ten, por suposto, o dereito a ser atendido, tódolos cidadáns que fan reclamacións son atendidos segundo o procedemento legal existente. Polo tanto, non se preocupe Sra. Veloso, que igual que ese, outros moitos cidadáns atendemos a todos, pero vostede é unha demagoga, ven aquí a falar dun caso, eu pódolle falar de centos, miles de casos de cidadáns de Vigo que o están a pasar moi mal e que teñen o apoio deste Concello.

O outro día, xa lle ensinei Sra. Veloso, como dende Vigo facemos fronte as dificultades que atravesamos a cidadanía moi por enriba do que fan vostedes en Pontevedra ou Tomiño onde gobernan, por poñer un exemplo. Vostede como non estudou este informe non pode falar del, ven cun caso concreto, xamais vin demagogia semellante.

Os cidadáns se que falamos o 25 de maio, vostede se non os quere escoitar e o seu problema, está no seu dereito, eu e este Goberno si que os escoitamos, e o que din os cidadáns é que deixemos de ser demagogos, que nos poñamos a traballar por eles, cousa que vostedes non fan e así o dixeron con toda a claridade os cidadáns.

Sra. Veloso, a min non me gustaría ter que lembrarilles que cando me fixen cargo dalgúns áreas das que vostedes gobernaban, tiven que facer fronte a un montón de recoñecementos extraxudiciais de crédito porque vostedes non cumprían os prazos, nin facían fronte a súas obrigas, e dígoo así de claro porque xa que vostede entra na demagogia obrígame a min a falar con toda a claridade para que lle quede claro á xente, vostede xestionaban bastante mal.

Xa para rematar dicirlles que os datos falan por se mesmos, a Deputación de Pontevedra 17 días máis 30, 47 días; a Xunta de Galicia paga por enriba de 30 días, e este Concello non chega a 20 días, son datos extraordinarios e senón os comparan.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.2(77).- DAR CONTA DA CONTRATACIÓN POR EMERXENCIA DA OBRA DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DE DERRUBA NA NAVE INDUSTRIAL DE “FRIGORÍFICOS BERBÉS” SITA NA AV. BEIRAMAR Nº 73. EXPTE. 7036/407 (888/1101).

ANTECEDENTES.- O xefe dos Servizos Centrais por escrito de data 21 de abril de 2014, co conforme da xerente de Urbanismo, informa do que segue:

"1.- Antecedentes.

Con data 13 de setembro de 2013 a Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu:

“Ordenar a execución subsidiaria da demolición parcial da edificación situada en Av. BEIRAMAR 73 con referencia catastral 1854704NG2715S ordenada na resolución de 1 de agosto de 2013. Dita execución realizarase en dous fases:

1ª.- Desmontaxe dos elementos que presenten risco de caída, coa finalidade de procederse á apertura da rúa Severo Ochoa, permitindo así o tránsito de vehículos e peóns e o normal desenvolvemento da actividade de Pescanova.

2ª.- Derruba da estrutura afectada polo incendio.”

O 30 de setembro de 2013 os arquitectos municipais da Oficina de Obras e Proxectos Municipais emiten un informe no que conclúen:

“A xuízo dos técnicos que subscriben pode concluírse que existe un esgotamento xeralizado da estrutura do inmoble cara á rúa Severo Ochoa, concretamente nos elementos comprendidos entres as xuntas estruturais citadas, polo que estamos diante dun caso de ruína técnica con carácter inminente.

Considerando que non se cumpriron os prazos indicados no informe de 01/08/2013 para a execución das medidas de seguridade urxentes e que as condicións de seguridade da edificación son peores cada día que pasa pola perda de resistencia dos materiais e pola acción da auga de chuva incontrolada sobre ás fábricas estimamos que é urxente a execución inmediata dos traballos de 1ª fase de derruba parcial consistentes en:

- Demolición dos tramos de edificación existentes entre os cinco pórticos estruturais afectados polo incendio ata o nivel de forxado de teito da planta primeira. Esta demolición inclúe a retirada de tódolo material desplomado nos tres pórticos centrais e os volumes que aínda seguen en pé pero moi

afectados polo incendio nos dous módulos extremos da zona incendiada.

- Derruba das fachadas existentes nos cinco pórticos indicados dende o teito da planta primeira ata o cumio deixando os pilares de formigón armado.

- Derruba da folla exterior de fachada dos dous pórticos da zona dereita da fachada afectada que aínda seguen en pé a nivel de planta primeira.

- Xestión da totalidade dos entullos e cascallos e, en xeral, de tódolo material procedente da demolición que se contrate.”

O prazo estimado para o inicio dos traballos é de 24 horas, tendo en conta que calqueira actuación terá que cumpla-las condicións derivadas da normativa sectorial aplicable a este tipo de actuación, especialmente no que atinxe a traballos nos que se manipulen materiais con contido de amianto que precisan de autorizacións previas das administracións competentes.”

Ó mesmo tempo, a Oficina de Obras e Proxectos Municipais desta Xerencia de Urbanismo, solicitou de diferentes empresas especializadas presupostos para acometer as obras necesarias para a desmontaxe dos elementos que presentan risco de caída (primeira fase das obras de execución subsidiaria ordeadas por resolución da Vicepresidente de 13 de setembro de 2013). Presentaron presupostos “RIBERA NAVARRA, S.A.”, “DEMOLICIONES Y EXCAVACIONES DARDA, S.L.U”, “DEMOLICIONES ZABAR” e “OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.”. O presuposto máis económico foi o presentado por “RIBERA NAVARRA”, cun importe de 72.600 euros (IVA incluído).

O propio 30.09.2013 o Presidente da Corporación e desta Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu:

“1º.- Declarar de emerxencia a tramitación da contratación das obras de execución subsidiaria de derruba parcial da nave industrial de Frigoríficos Berbés, sita na Avda. Beiramar nº 73 (primeira fase das ordeadas por resolución da Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 13 de setembro de 2013).

2º.- Contratar coa entidade “RIBERA NAVARRA, S.A.” as citadas obras de desmontaxe dos elementos que presentan risco de caída, por importe de 72.600 euros, IVA ó 21% incluído.

3º.- Ordear o inicio da execución de ditas obras no prazo máximo de 24 horas, sin perxuízo da tramitación da autorización pertinente para a manipulación de materiais con contido de amianto.”

O 1 de outubro de 2013, a dirección da obra (constituída polos arquitectos municipais do servizo de Obras e Proxectos da XMU) e a entidade “RIVERA NAVARRA, SA” asinaron “ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO E INICIO DAS OBRAS”.

Con esa data e previa obtención dos permisos pertinentes para a manipulación de materiais tóxicos e da Inspección de Traballo, iniciáronse os traballos de derruba parcial dos elementos que presentaban risco de caída da nave sita na Avenida Beiramar nº 73, esquina rúa Severo Ochoa.

Con data 28 de outubro de 2013 os arquitectos municipais directores da obra emiten un informe no que expresan que *“para proceder á retirada dos cascallos existentes sobre o forxado de formigón armado de teito da planta primeira (procedentes do derrumbe da cuberta e do forxado de teito da planta segunda) a Inspección de Traballo da Xunta de Galicia solicita informe técnico que xustifique co forxado de teito da planta primeira, sobre o que se atopa o material dos forxados superiores, acada a resistencia suficiente para garanti-la seguridade dos traballadores”*

Ante a imposibilidade de obter datos relativos á resistencia do devandito forxado de formigón armado mediante inspeccións visuais, solicitouse á empresa GALAICONTROL *“informe sobre a posibilidade de executar ensaios que poidesen aportar datos de resistencia característica dese elemento constructivo”*.

A empresa GALAICONTROL, logo de visitar a nave obxecto de derruba parcial con persoal técnico especialista responde da imposibilidade de executar os ensaios solicitados, toda vez que o estado dos tramos afectados polo lume e os apuntalamentos e arriostramento que sería necesario executar con carácter previo á execución dos ensaios son de tal magnitude que fan inviable e improcedente a execución dos mesmos.

Como consecuencia destas xestións os arquitectos municipais, no citado informe de 28/10/2013, conclúen que *“resulta indispensable amplía-lo obxecto do contrato pola necesidade de executa-la derruba da totalidade dos tramos afectados polo incendio do 31 de xullo de 2013, correspondéndose con 5 tramos dos pórticos estruturais situados na fachada a rúa Severo Ochoa chegando ata o pasillo de distribución (incluíndo este pasillo na zona de derruba).”* A superficie total afectada acada os 1.710 m².

Ademáis engaden que *“para executa-la derruba destas zonas afectadas polo lume con medios exclusivamente mecánicos, e sen presenza de traballadores no interior do edificio mentras se execute a derruba, é necesario derrubar os seguintes forxados...”*, que totalizan unha superficie de 1.100 m².

Polo tanto, a superficie total a derrubar, incluíndo zonas afectadas polo lume e zonas que precisan derrubarse para poder acceder coa maquinaria, é de 2.810 m².

Desta forma e contemplando tamén o peche da parcela, os arquitectos municipais conclúen que *“o importe total estimado para a execución completa da derruba parcial do edificio de Frigoríficos Berbés acada os 200.117,66 € (IVA incluído)”*.

Finalmente, con data 4 de novembro de 2013, os arquitectos municipais presentan o *“PROXECTO DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DE DERRUBA PARCIAL DA NAVE DE FRIGORIFICOS BERBÉS NA AVDA. BEIRAMAR Nº 73 DO CONCELLO DE VIGO”*. Dito

proxecto presenta un presuposto cun total de 199.419,99 euros.

Conforme ó estipulado no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro (publicado no BOE nº 256 de 25 de outubro), o 27 de novembro de 2013 o arquitecto municipal presenta o Plan de Seguridade e Saúde, que é aprobado por resolución de 28 de novembro de 2013.

Conforme o citado proxecto de execución de 4/11/2013, a entidade CONSTRUCCIONES Y DESMONTES RIVERA NAVARRA S.A. executou a obra, asinándose "ACTA DE RECEPCIÓN DOS TRABALLOS DE DERRUBA PARCIAL DA NAVE INDUSTRIAL DE FRIGORIFICOS BERBÉS SITA NA AVENIDA BEIRAMAR Nº 73" o 28 de febreiro de 2014. Coa mesma data os arquitectos municipais que dirixeron a obra presentan informe relativo á finalización dos traballos da citada derruba, no que se poñen de manifesto as medidas executadas para garantir a seguridade tantos dos peóns como dos posibles usuarios do inmovible.

De acordo co artigo 98 da Lei 30/1992, de 26 de novembro (LRJ-PAC), a execución subsidiaria farase "a costa do obrigado". A tal efecto, por resolucións da Vicepresidenta aprobaronse e notificaronse as seguintes liquidacións provisionais:

- 1)** Resolución de 01/10/2013: 7.260,00 euros, polos traballos urxentes realizados pola empresa "Demoliciones y Excavaciones Darda SLU" o 31/07/2013, e 72.600 euros, polo custo das obras contratadas de emerxencia por Decreto do Alcalde-Presidente de 30/09/2013.
- 2)** Resolución de 17/12/2013: 126.819,99 euros, polo traballos complementarios e necesarios para executar a derruba ordeada.

Ditas resolucións e liquidacións provisionais (que ascenden a un total de 206.679,99 euros) foron notificadas ó administrador concursal da entidade FRIGORIFICOS BERBÉS SA e a Autoridade Portuaria coma titular do dominio público concedente.

O 10 de marzo de 2014, a entidade "CONSTRUCCIONES Y DESMONTES RIVERA NAVARRA SA" presenta por Rexistro (documento nº 140029027) factura nº 29-14 de 28/02/2014, por importe de 197.694,31 euros, coa seguinte descrición no seu concepto: "OBRA: EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DE DERRUBA PARCIAL DA NAVE DE FRIGORIFICOS BERBÉS AVDA. BEIRAMAR Nº 73". Dita obra foi recepciónada de conformidade polos técnicos municipais.

De acordo coas competencias que lle otorgan os Estatutos e as vixentes Bases de Execución Orzamentaria, o 3 de abril de 2014, a Xerente de Urbanismo resolveu:

- 1)** *Recoñecer a obriga a favor da entidade "CONSTRUCCIONES Y DESMONTES RIVERA NAVARRA SA", por importe de 197.694,31 euros (IVE incluído), en concepto de execución subsidiaria da obra de derruba parcial da nave de "FRIGORIFICOS BERBÉS SA" sita na Avda. Beiramar nº 73, correspondente á factura nº 29-14 de 28/02/2014 (documento nº 140029027).*
- 2)** *Dar conta das actuacións sinaladas ó Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria."*

O 8 de abril de 2014 emitiu informe de fiscalización á citada factura da empresa executora da obra (incorporado a este expediente).

O 9 de abril de 2014 abonouse a "CONSTRUCCIONES Y DESMONTES RIVERA NAVARRA SA" o mencionado importe de 197.694,31 euros (IVE incluído).

2.- Fundamentación xurídica.

2.1.- Réxime excepcional da tramitación de emerxencia da contratación.

Conforme establece o artigo 113 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (BOE nº 276, de 16/11/2011), *"cando a Administración teña que actuar de maneira inmediata a causa de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ... estarase ó seguinte réxime excepcional: O órgano de contratación, sin obriga de tramitar expediente administrativo, podrá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sin suxeitarse ós requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. O acordo correspondente acompañarase da oportuna retención de crédito ou documentación que xustifique a iniciación do expediente de modificación de crédito"*.

Nos mesmos supostos, o artigo 117 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE nº 96 e 97, de 22/04/1986) faculta ó Presidente da Corporación a *"ordear a directa execución das obras" ou a contratalas libremente, en todo ou en parte, sin suxeitarse ós requisitos formais legalmente establecidos"*.

2.2.- Réxime das execucións subsidiarias.

Nunha situación como a que nos ocupa, unha vez constatado o incumprimento da orde de derruba, e ante unha RUINA INMINENTE, segundo o artigo 44 do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aprobou o regulamento de Disciplina Urbanística, *"cando como consecuencia das comprobacións realizadas polos servizos da Administración Municipal, de oficio ou en virtude de denuncia de particulares, como consecuencia do escrito de iniciación do expediente de ruína se estime que a situación do inmovible ou construción ofrece tal deterioro que é urxente a súa demolición e que existe perigo para as persoas ou bens na demora que supón a tramitación do expediente, o alcalde acordará o desaloxo dos ocupantes e adoptará as medidas necesarias á seguridade da construción"* Nos mesmos termos o artigo 201.4 da LOUGA (Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia), habilita ó Alcalde a dispor o necesario ante unha urxencia e perigo na demora.

Asímesmo, terase en conta o preceptuado, de forma xeral, polos artigos 95 e seguintes da citada Lei 30/1992, de 26 de novembro (LRJ-PAC) ó regular a execución

subsidiaria como un dos medios de execución forzosa .

2.3.- *Obrigatoriedade de dar conta ó Pleno.*

A obriga de dar conta ó Pleno establécese no citado artigo 117.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril (Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local).

3.- Proposta.

En base ós antecedentes sinalados, propónse ó Consello da Xerencia que resolva:

“Dar conta ó Pleno da Corporación das actuacións sinaladas nos antecedentes desta proposta, consistentes na contratación por emerxencia e execución subsidiaria da obra de derruba da nave industrial de Frigoríficos Berbés situada na Avda. Beiramar 73 (expediente7036/407)”.

O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria do 25 de abril, tomou coñecemento da anterior proposta.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.3(78).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PERI “BARRIO DO CURA”. EXPTE. 12403/411 (891/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 13 de maio de 2014, a xefa da Área de Tenencia de Alcaldía e o arquitecto municipal, co conforme da xerente de Urbanismo, formulan o seguinte informe proposta:

“I.- ANTECEDENTES

I.1 O día 19.04.2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o «*Plan Especial de Reforma Interior Barrio do Cura*, por iniciativa da sociedade mercantil “Valery Karpin & Asociados Inmobiliarios, S.L”, consonte á documentación elaborada polo arquitecto Alfonso Penela Fernández con data 4 de abril de 2013 e demais

documentos anexos, e ordear a apertura dun periodo de información pública polo prazo dun mes, mediante a inserción de anuncios no DOG e en dous dos diarios de maior difusión na provincia ,e notificar individualmente aos propietarios dos terreos afectados, así como *recabar informe sectorial da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia*

I.2 O Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) clasifica o ámbito do Barrio do Cura como solo urbano non consolidado, ámbito de planeamento remitido «APR A-4-01 Barrio do Cura», cunha ficha de características para o seu desenvolvemento.

I.3. O citado acordo de aprobación inicial publicouse no DOG nº 96 do 22.05.2013 e o día 03.05.2013 no Faro de Vigo e La Voz de Galicia. Realizáronse, así mesmo, notificacións individuais e edictais no BOP de Pontevedra nº 140, do 23.07.2013.

I.4 Recabado informe sectorial á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, segundo acordo da Xunta de Goberno local, a Dirección xeral de Patrimonio cultural o 30.01.14 informa favorablemente o Plan especial e asemade solicita a enmenda dunha serie de eivas da documentación entregada.

En data 27.02.14 o arquitecto redactor presenta a documentación esixida pola Dirección xeral, doc. 140025822, e que se remite á Consellería,

Con data 15.04.14 a Directora Xeral de Patrimonio Cultural emite informe favorable ao documento do PERI APR A-4-01 do Barrio do Cura do PXOM de Vigo, redactado por Alfonso Penela Fernández, indicándose unicamente que debe corrixir unha carencia e dous erros puntuais, que foron posteriormente respostados polo equipo redactor do Plan, e que se achega á documentación para aprobación definitiva.

I.5. Con data 27.08.2013, o Secretario da Xerencia de urbanismo certificou que durante o periodo de información pública rexistráronse un total de once alegacións que foron respostadas por “Valery Karpin & Asociados Inmobiliarios, S.L”

Nº	Data de Rexistro	Documento	Alegante	Inmoble
1	06/05/2013	130050041	Daniel Cerqueira Cancelo	Pi y Margall nº 6
2	08/05/2013	130051761	Mª Carmen Romero Fadrique	Fachada iglesia
3	07/06/2013	130067771	Ignacio Núñez Carrera, outros	Llorente nº 14
4	07/06/2013	130067952	C. de Prop. de Sta. Marta 36	Santa Marta nº 36
5	10/06/2013	130068424	José M. Casal Méndez	Llorente nº 24
6	11/06/2013	130069251	Mª Teresa Martínez Calvo	Llorente 14-4º e 5º
7	11/06/2013	130069162	Florencia Guillade	Pi y Margall nº 6-1º
8	13/06/2013	130070540	Isabel Mª Cerqueira Cancelo	Pi y Margall nº 6-2º

9	13/06/2013	130070539	Isabel M ^a Cerqueira Cancelo	Pi y Margall nº 6-2º
10	17/06/2013	130071379	Argentina Fernández Pazos	Santa Marta nº 10
11	27/06/2013	130075474	F. Casa da Caridade de Vigo	San Francisco nº 69

I.6. O día 12.05.2013 ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 140055625) documentación completa para a aprobación definitiva do PERI, que inclúe como anexo o informe ás alegacións presentadas durante o periodo de exposición pública, elaborado polo equipo redator.

I.7. En data 13.05.2014 os servizos técnicos e xurídicos da XMU emitiron informe de legalidade e sobre a calidade do PERI A-4-01 Barrio do Cura.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

II.1.- NORMATIVA de APLICACIÓN

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; *Boletín Oficial do Estado* -BOE- n.º 154, de 26.06.2008 (TRLS 2008)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; (LOUGA)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 221, de 15.09.1978 (RPU)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 27, de 31.01.1979 (RXU)
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE n.º 175, de 23.07.1997
- Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente; BOE n.º 102, de 29.04.2006
- Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; DOG n.º 139, de 18.07.2008 (LPPG)
- Lei 8/1995, de 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia; DOG n.º 214, de 08.11.1995 (LPCG)
- Decreto 232/2008, de 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia; DOG n.º 206, de 23.10.2008
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por

Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)

•Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992

•Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)

•Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)

•Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

II.II.- OBXECTO E DETERMINACIÓNS DO PERI BARRIO DO CURA

A ficha do plan sinala como obxectivo de planeamento e criterios de ordenación para a «APR-4-01 Barrio do Cura»:

- Conformación dun espazo urbano xustaposto e distinto ó Paseo de Alfonso mais ó que lle oferta continuidade e posibilidade de comunicación e transversalidade coas cotas mais baixas.
- Ampliación do sistema viario de conexión entre Pi y Margall e Torrecedeira, nomeadamente nas rúas Llorente e Santa Marta.
- Disposición dunha conexión directa da rúa Torrecedeira co Paseo de Alfonso.
- Consecución de espazos libres e zonas verdes de centralidade, novas dotacións e equipamentos.
- Disposición da edificación de xeito que permita a creación de espazos públicos de entidade propia coa escala e relación correspondentes.
- Provisión de medidas que melloren as transversalidades, nomeadamente ó traveso de espazos e construcións, mesmo con pasarelas pasantes que dende o Berbés conduzan ó interior do ámbito.

Por outra banda, o convenio para o desenvolvemento do ámbito asinado con data 4.05.12, recolle os criterios sinalados na ficha de xestión contemplando as seguintes bases de actuación:

- garantir a comunicación e transversalidade entre o Paseo de Alfonso e as cotas mais baixas da actuación.
- ampliación do viario de conexión entre as rúas Pi y Margall e Torrecedeira.
- obter unha conexión directa entre o Paseo de Alfonso e Torrecedeira
- configurar zonas verdes de centralidade e novas dotacións e equipamentos
- disposición da edificación que prime a creación de espazos públicos
- unha ordenación en relación coa escala do entorno existente.

Doutra, a través do convenio especifícanse unha serie de parámetros que se incorporan ó PERII:

- superficie computable para calcular o aproveitamento tipo: 19.493,5 m²

- aproveitamento lucrativo total: 55.780 m²
- na memoria do PERI calcularíanse os coeficientes de subponderación nos que se desagrega o uso global residencial, segundo Instrucción 1/2012 (ou norma que a substitúa) aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión do 20 de xaneiro de 2012.
- garantir o xusto equilibrio de beneficios e cargas da actuación

A ordenación proposta cumpre estes obxectivos, xa que facilita os movementos peonís nesta parte da cidade e contempla a resolución do tráfico rodado a traveso dun novo viario que conecta a rúa Torrecedeira co paseo de Alfonso XII, pasando pola rúa Poboadores e dando acceso ás novas edificacións. Ademais a ordenación amplía substancialmente os dous viarios actuais que rodean o ámbito (Santa Marta e Llorente).

Fíxase un límite de intensidade máximo do 76% para o Uso residencial de 2ª Categoría (edificación multifamiliar ou colectiva), e un límite de intensidade mínimo do 70%.

A edificabilidade en vivenda colectiva é 39.046 m² de 55.780 m² o que supón un 70%, polo tanto cúmprense as condicións de intensidade impostas.

II.III.- MODIFICACIÓNS A CONSECUENCIA DOS REQUERIMENTOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CULTURA E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA

A Dirección xeral de Patrimonio cultura, o 30.01.14 emite un informe favorable ao documento do PERI, condicionado á realización dunha serie de correccións, que se relacionan:

- Incorporar as normas reguladoras específicas de patrimonio arqueolóxico descritas no estudo histórico-arqueolóxico, á normativa do Plan Especial.¹
- Incorporar o conxunto de planos reformados completos no que se reflicten as propostas das infografías, indicando que o desenvolvemento do proxecto debe axeiarse ás propostas das infografía no relativo á “lixieireza” do deseño arquitectónico.
- Diminuír a presenza e volume da peza 02 máis aló do achaframento proposto para diminuír a excesiva incidencia desta peza sobre as vivendas orixinais do Barrio do Cura.
- Detallar os contornos de protección dos bens incorporados ao Catálogo
- Achegar unha copia completa da documentación final corrixida para a supervisión do cumprimento das condicións establecidas.

Unha vez entregada a resposta do equipo redactor, con data 06-03-14 o Concello de Vigo achega unha copia completa do documento debidamente dilixenciada para que a DXPC comprobe o cumprimento das condicións establecidas.

Finalmente, con data 15-04-14 a Directora Xeral de Patrimonio Cultural emite informe favorable, no ámbito das competencias en materia de protección do Patrimonio Cultural ao documento do PERI APR A-4-01 do Barrio do Cura do PXOM de Vigo, redactado por Alfonso Penela Fernández, indicándose unicamente que debe corrixir os erros e

¹ En todo caso debe considerarse que tanto o PXOM como o Decreto de actividade arqueolóxica da Comunidade Autónoma de Galicia regulan para todo o ámbito territorial da Comunidade autónoma galega a tramitación dos proxectos de intervención arqueolóxica.

emendar as carencias detectadas, poidéndose sintetizar as devanditas cuestións nos seguintes puntos:

1.- Substituir na páxina 142 da memoria a “intervención previa” por a “intervención mínima” no segundo parágrafo no que se cita.

2.- Corrixir o grafado no contorno da ficha L-0011 (L-001)

3.- Introducir de forma explícita no lugar que corresponda da memoria as condicións de materialización e criterios estéticos para a construción das dúas últimas plantas, cando menos do volume 02, na liña do avanzado e proposto nas infografías que acompañaban ao documento na súa tramitación sobre lixeireza e permeabilidade.

Con data 22.04.14 se achega novo documento técnico (doc 140047363) asinado por Alfonso Penela Fernández no que se da resposta ás precisións puntuais solicitadas no informe favorable da DXPC de data 15.04.14, dándose cumprimento ao requerido.

II.IV. MODIFICACIÓNS A CONSECUCENCIA DO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Además en la parcela Anexa R03, y en su frente a rúa Gaitero Portela, como se recoge en la ordenanza BC-R03 Alineación a Calle y más concretamente en el punto 3.2.5.8 Condiciones de uso se permiten los siguientes usos:

- (...) Dotacional, Clase Educación 1ª, 6ª y 7ª, Frente rúa Gaitero Portela todas las plantas, frente Torrecedeira Planta baja.*
- Dotacional, Clase Sociocultural categorías 8ª y 9ª. Frente Rúa Gaitero Portela todas las plantas, frente Torrecedeira Planta baja.*
- Dotacional, Clase Asistencial categorías 10ª y 11ª. Frente Rúa Gaitero Portela*

todas las plantas, frente Torrecedeira Planta baja.

- Dotacional, Clase Sanitario categorías 12ª y 14ª. Frente Rúa Gaitero Portela todas las plantas, frente Torrecedeira planta baja.
- Dotacional, Clase Servicios Públicos, categoría 15ª, salvo incompatibilidad del uso específico, frente Rúa Gaitero Portela todas las plantas, frente Torrecedeira Planta baja.
- Dotacional, Clase Administración Pública categoría 16ª. Frente Rúa Gaitero Portela todas las plantas, frente Torrecedeira Planta baja.
- Dotacional, Clase Religioso, categorías 18ª y 19ª. Frente Rúa gaitero portela todas las plantas, frente Torrecedeira Planta baja.
- Dotacional, Clase Deportivo, categoría 19ª. Frente Rúa Gaitero Portela todas las plantas, frente Torrecedeira Planta baja”.

Con lo que las parcelas D01 y R03 pudieran interactuar generando un conjunto que no solo permitiera la continuidad de las actividades sino que supondría una mejora de las mismas. Además de que se pudieran habilitar los servicios de acceso que se plantean a dicho vial.

El presente documento permite esta posibilidad, pero no es objeto del mismo definirlo de manera más pormenorizada, ya que sería mediante figuras posteriores al planeamiento, como pudieran ser el Proyecto de Equidistribución, la herramienta para la formalización de las posibles soluciones.

(...)Sobre el apunte del tramado, debe indicarse que en la parcela, para fondos edificables superiores a 25 metros, se han de disponer usos complementarios ya que el uso residencial tiene una delimitación de fondo edificable de 25 metros”.

No que respecta á delimitación de solo urbano consolidado e non consolidado e a súa categorización polo PXOM, á presunta vulneración do principio de equidistribución de beneficios e cargas, edificabilidade asignada ao ámbito, e no tocante ao Proxecto de Compensación, xa na fase de execución xurídica do Plan, no que se terá que materializar a equidistribución, o informe do equipo redactor se desenvolve básicamente nos mesmos termos que na alegación nº 3ª, 4ª e 10ª.

Proponse polo equipo redactor que esta alegación sexa desestimada, se ben se sinala que as ordeanzas do presente documento de PERI permitirían a posibilidade de materializar solucións que garantan a continuidade das actividades levadas a cabo no mencionado espazo de recreo, en figuras posteriores da xestión do Plan.

PROPOSTA: Visto o informe emitido polo equipo redactor e a normativa de aplicación, proponse a desestimación da alegación, aínda que se considera substancial a aclaración aportada, no senso de que as ordenanzas desenvolvidas no documento, permitirían achegar posibles solucións que garanten a continuidade das actividades desenvolvidas no espazo de patio de recreo, en fases posteriores da xestión do planeamento.

II.VI. CUMPRIMENTO DA TRAMITACIÓN PROCEDIMENTAL.

No expediente administrativo obra a documentación que a seguir se relaciona:

- Resolución do 01.07.2010 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental sobre a non necesidade de sometemento á avaliación ambiental

estratéxica do PERI BARRIO DO CURA «APR A-4-01».

- Informe do Director dos Servizos Técnicos do 25.09.2012, sobre a viabilidade funcional das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento desta APR, así como das cargas urbanísticas que lle corresponden, con carácter xeral, para a financiación das infraestruturas.
- Informe da Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico de data 24.11.2011, relativo ás garantías de abastecemento e saneamento.
- Informe do 26.03.2013 do Adxunto ao Director de Planeamento e Xestión.
- Informe do 15.04.2014 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Informe da Xefatura da Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade de data 20.09.12, sobre o Estudio de tráfico
- Informe da aparelladora municipal da Concellería de educación de data 04.01.13
- Informe de data 08.01.13 a Intervención municipal emite informe en canto ó documento do Estudio económico financeiro e memoria de sustentabilidade económica.
- Informe do 21.02.13 o Servizo de Montes, Parques e Xardíns.
- Informe do 23.01.13, a arqueóloga da Concelleria de Patrimonio histórico.
- Informe do 22.03.13 o xefe do Servizo de Medio ambiente

O día 19.04.2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o «*Plan Especial de Reforma Interior Barrio do Cura*», e someteuse a información pública mediante anuncio publicado no DOG nº. 96 do 22.05.2013 e o día 03.05.2013 no Faro de Vigo e La Voz de Galicia. Realizáronse, así mesmo, notificacións individuais e edictais no BOP de Pontevedra nº. 140, do 23.07.2013.

Así mesmo, recabouse informe sectorial favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Xa que logo, verificados os citados trámites procedimentais e en cumprimento do disposto no artigo 86.1.e da LOUGA, o Concello procederá a súa aprobación definitiva.

II. V. PUBLICIDADE E EFICACIA

De acordo co artigo 92.2 da LOUGA, o acordo de aprobación definitiva do PERI da «APR A-4-01 BARRIO DO CURA» publicarase no DOG e o documento que conteña a normativa e ordenanzas, no BOP de Pontevedra.

A aprobación definitiva será comunicada a CMATI, a que se lle dará traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con

todos os planos e documentos que o integran e sobre os que recaira a aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar este extremo. No anuncio de publicación da aprobación definitiva farase mención desta remisión.

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado definitivamente quedan condicionadas ao cumprimento do disposto no artigo 92 da LOUGA e ao que dispoña ao efecto a lexislación reguladora da Administración actuante.

A aprobación deste instrumento de planeamento de desenvolvemento conlevará a utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens ou dereitos afectados, no seu caso, aos fins de expropiación ou imposición de servidumes.

II.VI. ÓRGANO COMPETENTE

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello (artigos 85.7 da LOUGA e 123.1.i LRBRL e 3.1 dos Estatutos da XMU) e por maioría simple (art. 123.2 LRBRL), previo ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.j) dos Estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa consideración de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROF).

Por todo o anteriormente exposto, formúlase a seguinte...

Deseguido os funcionarios informantes formulan a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia de Urbanismo, en sesión ordinaria do 16 de maio, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. SILVA REGO: Traemos hoxe a este Pleno a aprobación definitiva do Plan Especial de Reforma Interior do “Barrio do Cura”, esta é un peza fundamental da cidade como todos vostedes coñecen e por este motivo a súa aprobación é de gran importancia para Vigo, é unha peza de especial singularidade entre o Casco Vello de Vigo e os crecementos urbanos compactos propios dos anos sesenta e setenta cara ó oeste. Constitúe unha unidade morfolóxica diferenciada conformando hoxe en día...

Neste intre prodúcese unha interrupción polo berros formulados por parte do público asistente á sesión, tendo que pedir silencio o Presidente.

PRESIDENCIA: Non se pode continuar o Pleno nestas condicións imos suspendelo un intre.

PRESIDENCIA: A intervención ía no minuto 4,26 que lle restaban, polo tanto proceda.

SRA. SILVA REGO: Estaba a dicir que é unha peza de especial singularidade entre o Casco Vello e os crecementos urbanos propios dos anos 60 e 70 cara o oeste, que é unha unidade morfolóxica diferenciada e que hoxe en día conforma un baleiro urbano na trama da cidade central. As bases da proposta de ordenación deste PERI, recollen os criterios de ordenación do Plan Xeral de Ordenación Xeral, e céntranse en garantir a comunicación e transversalidade entre o Paseo de Alfonso e as cotas máis baixas de actuación, a ampliación do viario de conexión entre as rúas Pi e Margall e Torrecedeira, unha conexión directa entre o Paseo de Alfonso e Torrecedeira a configuración de zonas verdes de centralidade e novas dotacións e equipamentos, disposición da edificación que prime a creación dos espazos públicos e unha ordenación en relación coa escala do entorno existente.

Ademais aporta e isto é de suma relevancia 5.000 metros cadrados de zona verde e espazos libres. Con esta distribución dos espazos libres preténdese a articulación das parcelas edificadas, conectar o ámbito coa trama urbana que a rodea e crear unha rede de viario peonil. Tamén se prevé un edificio dotacional público, socio-cultural, así como manter a gardería municipal hoxe existente. Prevese por outra banda, a construción dun ascensor que conecta coa rúa Ricardo Portela e outra coa Praza do Berbés, proponse escaleiras mecánicas e outros elevadores interiores no comercial que conectan a praza de cesión de uso con outras máis baixas. Así o Plan asegura a accesibilidade ao interior do ámbito dende distintos puntos do seu contorno. Contémplanse un aparcadoiro no solo da parcela de espazo libre público que albergará 300 prazas.

No que se refire ao uso residencial quero destacar que se recolle a esixencia dunha

reserva mínima do 29% da vivenda sometida a réxime de protección pública. Outro dos aspectos destacables é que se mantén a fachada neogótica do asilo que non estaba contemplada, nin no PEPRI, nin no Plan Xeral de Ordenación Municipal pero que cremos que é unha gran decisión o manter esa fachada neogótica co fin de manter o noso patrimonio arquitectónico. Conta cos informes favorables de tódalas administracións competentes e se hoxe obtén o aval desta Corporación estaríase a iniciar o camiño para a rehabilitación integral dunha zona estratéxica da cidade.

Son moitos anos sen haber sido quen de poñer en marcha este Plan Especial tan importante para a rehabilitación do “Barrio do Cura”, é un Plan Especial fundamental para encher ese baleiro central na zona urbana da cidade.

Consideramos que este Plan Especial que conta con tódolos informes preceptivos favorables, debería contar coa unanimidade desta Corporación porque eu quero recoñecer, paréceme que os políticos temos que facer estas cousas que este Plan Especial ten contado coa achega doutros moitos grupos políticos deste Pleno. Polo tanto, se hoxe obtén a aprobación do conxunto da Corporación será un éxito de todos. Vigo necesita que se rehabilite o “Barrio do Cura”, é unha necesidade porque están nestes momentos moitas das edificacións en situacións de ruína que poden crear graves situación para as persoas.

Por certo, quero rematar dicindo que hoxe reclamábase un albergue, temos un albergue, 700.000 euros ao ano.

SR. FIGUEROA VILA: Moi breve porque na exposición de motivos do expedientes está perfectamente xustificado, nós dicir que sempre estivemos a favor do desenvolvemento do “Barrio do Cura”, sempre intentamos facilitar tódalas posibilidades e opcións que se propuxeron enriba da mesa dende hai moitos anos, é certo que unha peza clave dentro do desenvolvemento urbanístico da nosa cidade, de conexión da Porta do Sol, do centro, do Casco Vello coa próxima zona do Berbés, todo Beiramar, é dicir, sen esta peza sería imposible desenvolver todo Beiramar e toda a zona da parte baixa do Berbés dende o Casco Vello e polo tanto nós imos a votar a favor.

Creo que este, son eses expedientes que todos deberíamos estar na mesma dirección porque son proxectos de cidade, proxectos que cambian a cidade, transforman as cidades, desenvolven as cidades e vanlle dar vida evidentemente a

unha zona importante de conexión do centro urbano coa zona de Beiramar e Torrecedeira.

Creo que hai moitas horas de traballo aquí, de moita xente, sería agora seguramente unha parte importante dar o nome de persoas que traballaron e colaboraron neste expediente, pero non se trata diso, do que se trata é de que este proxecto poida saír adiante con máximo consenso posible e nós, como Grupo Municipal traballamos sempre na dirección de desenvolvemento do “Barrio do Cura”, primeiro dende o PEPRI do Casco Vello e despois algunhas pezas máis que haberá que ir encaixando e que nós estamos dispostos a falar, como son o tema da Panificadora, etc.

Polo tanto, nós imos votar a favor deste expediente.

SRA. SILVA REGO: Felicítarnos de que por fin o “Barrio do Cura” vaia a poder ser desenvolvido, creo que é unha peza fundamental da cidade e que Vigo gañará moito co desenvolvemento deste ámbito importante. Son xa demasiados anos pendente do seu desenvolvemento, hoxe conséguese é unha boa noticia para Vigo, para as viguesas/es.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Estimar parcialmente, de acordo cos fundamentos do informe proposta *supra* transcrito, as alegacións presentadas por M^a del Carmen Romero Fadrique (doc. Núm. 130051761) e José M. Casal Méndez., (doc. Núm. 130068424), e aos exclusivos efectos da incorporación ao expediente dos datos que nelas se sinalan.

SEGUNDO: Desestimar, de acordo cos fundamentos do informe proposta *supra* transcrito, as alegacións presentadas por Daniel Cerqueira Cancelo, (doc. Núm. 130050041), Ignacio Núñez Carrera, Arturo Núñez Carrera, Luis Núñez Carrera y la mercantil “Núñez Riobó, S.A.” (doc. Núm. 130067771), Comunidad de Propietarios

Santa Marta, 36 doc. Núm. (130067952), M^a Teresa Martínez Calvo (doc. Núm. 13006925), Florencia Guillade, (doc. Núm. 130069162), Isabel María Cerqueira Cancelo (docs. Núms. 130070539-130070540), Argentina Fernández Pazos, (doc. Núm. 130071379) e Fundación Casa da Caridade de Vigo, (doc. Núm. 130075474).

TERCEIRO: Aprobar definitivamente o «*PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR da APR A-4-01 BARRIO DO CURA*», redatado polo arquitecto Alfonso Penela Fernández, datada en maio de 2014 (exp. 12403/411).

CUARTO: Dar traslado do presente acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas xunto con copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran sobre os que recae a presente aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar este extremo.

QUINTO: Ordear a publicación do presente acordo no DOG, en cuxo anuncio farase mención á remisión á CMATI da documentación referida no apartado cuarto do presente acordo e, así mesmo, publicar no BOP de Pontevedra o documento que conteña a normativa e ordenanzas.

SEXTO: Ordear a publicación do presente acordo xunto coa ordenación definitivamente aprobada, na páxina web do Concello de Vigo.

SÉTIMO: Notificar o presente acordo aos alegantes aos efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 4, letra e) do TRLS e practicar as notificacións preceptivas, sinalando que os instrumentos de planeamento teñen natureza de disposición xeral polo que, contra este acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses dende a súa notificación, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio das accións legais que estimen convintes.

OCTAVO: O presente acordo será susceptible de recurso contencioso-administrativo

perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a publicación do anuncio da súa aprobación definitiva."

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se realizaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1(79).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E MARIÑO E Á XUNTA DE GALICIA Ó OBXECTO DE QUE APORTEN A MESMA CANTIDADE QUE O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DA FEIRA DE CONXEMAR. EXPTE. 895/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de maio de 2014, número 895/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Conxemar é unha feira que está consolidada como un instrumento de unión fundamental no sector do conxelado no noso país, e está integrada por 222 empresas que avalan a súa capacidade de representación e de defensa dos intereses dos seus asociados e do sector nos ámbitos nacional e internacional.

Conxemar celebrou o ano pasado a súa décimo quinta edición, na que realizou un movemento económico de máis de 1.000 millóns de euros e recibiu máis de 25.000 visitas.

Conxemar xa está considerada como a primeira feira de conxelado do mundo

Galicia ten ademais un sector cunha materia prima da que carece Cataluña: son máis de cen as factorías coas que conta, 2.112 millóns de euros son os que factura ao ano e uns 8.000 postos de traballo os que xera. Con todo, Vigo ten un problema que non preocupa a Barcelona: as conexións aéreas, que son moi inferiores ás da cidade condal.

As axudas do Goberno de España e a Xunta de Galicia son testimoniais, a metade que as aportadas polo consistorio vigués que é de 100.000 euros.

Así mesmo denunciámos as axudas públicas á feira Seafood Expo Southern Europe, que compite deslealmente desde Barcelona con características similares ao evento vigués.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO:

-Instar ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e á Xunta de Galicia que aporten polo menos a mesma cantidade que o Concello de Vigo. “

A Comisión Informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes, na súa sesión ordinaria do 27 de maio de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Afirmar o importante que é Conxemar para Vigo e para Galicia é indubidablemente unha obviedade e digo para Vigo e Galicia, é un certame que se consolida como a primeira feira do mundo no sector do conxelado, a importancia do seu sector e do número de empresas que aglutina, fai desta feira a pesares de contar cunha competencia desleal co intento da feira de Barcelona similar, fai desta feira un acontecemento importante e decisivo para a economía da nosa cidade. Difícilmente podemos esquecer que a pesca e todo o relacionado co sector da pesca supón canto menos un terzo da economía da nosa cidade. Tamén é unha

obviedade que tódalas administracións debemos volcarnos nesta feira de tanta importancia, que un certame deste tipo chegue a súa décimo sétima edición di tamén moito do esforzo dos empresarios, dos organizadores e do lugar que obtivo esta feira. Polo tanto entendemos que apoiar un certame deste entidade debe ser unha prioridade e en suma un impulso decisivo dende as administracións, e é aquí cando entendemos que as palabras teñen que dar paso aos feitos, as declaracións de boas intencións dificilmente serven se estas non teñen respaldo económico, porque nese caso estaríamos ante o risco de perder un certame tan consolidado e que significa tanto para a economía da cidade.

Nós aquí queremos poñer de manifesto a implicación real do Goberno Municipal, dende o ano 2012 a instancias dos organizadores e dada a sensibilidade deste Goberno, multiplicamos por dez a achega que se facía a este certame que é da cidade e porque é básico no que é o desenvolvemento da nosa economía. E é nese sentido tamén onde esiximos e digo esiximos de forma nítida, contundente o apoio do resto das administracións, e entendemos que tanto dende Goberno Central como dende a Xunta de Galicia ao menos débese de prestar o mesmo apoio que prestamos dende o Goberno Municipal.

Trátase en suma de sumar esforzos, valla a redundancia, para que esta feira, certame siga consolidándose.

A preocupación que ten este Goberno Municipal é a que queremos que tamén cale no Goberno Central e no Goberno Autonómico, os impostos dos galegos nutren os Orzamentos tanto os do Estado como os da Autonomía, e é en ocasións como estas onde deben reverter para a consolidación destes certames.

Dicía o voceiro do Partido Popular o Sr. Figueroa hai escasamente uns minutos, que hai en temas nos que debemos de ir na mesma dirección, que hai asuntos que son certamente proxectos de cidade e comparto esta afirmación, e creo, recollendo as súas palabras, que este tamén é un tema, proxecto no que debemos remar nesa dirección.

Cremos que ao marxe de cores políticas e non debe entenderse esta moción como unha reprimenda senón ao contrario, intentar que esas dúas administracións Central e Autonómica fagan o mesmo que o Goberno da cidade. Polo tanto, cremos que bo sería que esta moción fose apoiada polas tres forzas políticas que compoñemos este Pleno, porque cremos que é defender Vigo, cremos que o que

propoñemos é reclamar algo xusto e se se consegue, se se sensibilizan estas dúas administracións na mesma medida que o fai o Goberno Municipal estaremos nesa dirección que dicía anteriormente que é consolidar cidade, sectores económicos, e isto, á larga e tamén á corta, redundará no que hoxe máis nos preocupa que é a creación de emprego, co número tan importante de empresas que participan neste certame, coa cantidade de contactos que se moven e co se estende a economía da cidade nun sector tan importante, nalgún momento ten que redundar na creación de emprego.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Moi brevemente para dicir que o noso Grupo Municipal vai apoiar esta moción xa que nos parece evidentemente o máis xusto que nunha feira tan importante para a nosa cidade non só para a nosa cidade senón para Galicia enteira, evidentemente tódalas administracións e cada unha das administracións teñen que colaborar e ademais temos que facer tódolos esforzos que teñamos na nosa man para poder manter unha feira, que como dicía o voceiro do Grupo Municipal Socialista é fundamental hoxe por hoxe, para o desenvolvemento económico dun sector no que Vigo e Galicia ten que seguir sendo pioneiro.

Ademais, non vou explicar aquí o importante e o compoñente económico que ten unha feira na que se realizan grandes cantidades de negocios e onde no noso sector ten un escaparate fundamental para seguir e poder seguir competindo nun mundo internacional como este que loxicamente cada día ten máis atrancos para ser competitivos, máis atrancos que os da a propia Unión Europea, que os da a falla de reclamar e de implicación que ten o Goberno Central na defensa deste sector. Pero ademais do compoñente clave e estratéxico como é o económico, sectorialmente falando, non hai que esquecer que a feira de Conxemar é tamén un gran aliciente para a promoción turística da nosa cidade, miles de visitantes ao redor desta feira que deixan na nosa cidade un retorno económico moi importante, e que ademais ten que servir tamén de trampolín para promocionar globalmente a nosa cidade.

Os señores do Grupo Municipal do Partido Popular veñen repetindo nos últimos meses que Vigo necesita ter un Plan Estratéxico de promoción turística, veñen incluso propoñendo iniciativas de que hai que apoiar o turismo etc. na nosa cidade,

ademais do aspecto económico esta é unha boa oportunidade para que tamén os señores do Partido Popular reivindiquen diante da Xunta de Galicia, reivindiquen tamén diante do Goberno Central, que unha feira como Vigo debe ter un tratamento e un apoio económico especial. Como, por outra banda, a Xunta de Galicia xa o está facendo con outros eventos, poño por caso a festa do cocido en Lalín a que se lle dan grandes cantidades de cartos e por suposto que non é nin comparable coa capacidade de atracción económica e turística dun feira como Conxemar.

Polo tanto, nós imos apoiar esta moción e agardamos tamén que todos/as as administracións conviñamos na procura de manter unha feira tan importante que ademais con cartos tamén públicos ten unha importante competencia noutros territorios do Estado.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Font, quédome asombrado porque todo o mundo sabe que tanto vostede como o Alcalde xamais menten, nunca, leo a moción e sorpréndeme a absoluta falla de rigor do que aquí veñen a expresar, eu non sei se vostede prepara as mocións ou quen llas prepara, pero se non é vostede debería tirarlle das orellas e se é vostede igual tivo un mal día. Esta moción é unha auténtica chapuza no fondo e na forma.

Despois dese sentimento de sorpresa veume á cabeza, non pode ser que se o Sr. Alcalde e o Sr. Font nunca meten, isto, dende o respecto dígollo que sabe que lle teño, tivo que ser unha equivocación ou é que alguén non a informou ben e por iso agradézolle a oportunidade que nos da de informar cal é o apoio das administracións gobernadas polo Partido Popular a esta feira.

Pero logo de escoitalo sigo quedándome perplexo, porque iso de que a Xunta de Galicia e o Goberno de España non apoian ou apoian a metade do que apoia o Concello, é un conto que se inventou non sei se en campaña electoral que xa pasou. Unha cousa é falar de contos e outra é falar de contas, da que lle vou a contar nun intre.

Pero antes teño que dicirlles que vostedes están demostrando un total e absoluto descoñecemento do que falan. Conxemar efectivamente é a asociación española de maioristas, importadores, transformadores, exportadores dos produtos da pesca e a acuicultura, teño aquí moitos datos que está integrada por 222 empresas,

13.000 empregados, factura máis de 6.500 millóns de euros. Conxemar que é a asociación, organiza unha feira en Vigo dende o ano 1999 que é referencia en Europa e no mundo e que serve de punto de encontro para todo o sector transformador, distribuidor, importador e exportador dos produtos do mar. Esta feira está considerada entre as mellores do mundo, aquí pon que xa é a mellor do mundo, ogallá o poida ser pronto, pero está polo menos ao nivel de Bruselas e de Boston que son, ao igual que a de Vigo, as feiras máis significativas no mundo do peixe conxelado.

Tamén ten moito que ver e estou de acordo co que di o Sr. Domínguez, moito que ver no turismo, no comercio da cidade, e por iso o Partido Popular, as administracións que goberna o Partido Popular estivemos, estamos e estaremos apoiando a feira Conxemar.

Pero si falamos de datos imos ser rigorosos, voulle dicir que vostedes levan dende 2007 gobernando na cidade de Vigo, e no 2007 e 2008 vostedes puxeron ou déronlle a Conxemar cero euros. En 2009 foron o primeiro ano que intentaron axudarlle pero non o fixeron demasiado porque puxeron unhas lanzadeiras, uns autobuses que os taxistas se encargaron de que vostedes cambiasen esa decisión no primeiro día, amotináronselle os taxistas. Ou sexa no 2009 cero euros, no 2010 cero euros, no 2011 o Concello de Vigo cero euros, no 2012 cero euros, no 2013 vostedes aportaron 100.000 euros, nos sete anos que levan de goberno.

O Partido Popular ou as administracións gobernadas polo Partido Popular, voulle ensinar este gráfico que non mente, o Goberno de España nos últimos cinco anos aportou a Conxemar 560.000 euros, a Xunta de Galicia dende o ano 2009, 836.000 euros e o Concello de Vigo 100.000 euros, en total as administracións 1,5 millón de euros en cinco anos, a unha media de 300.000 euros ao ano, vostedes 100.000 euros en sete anos, isto é o apoio e o compromiso que ten tanto a Xunta de Galicia como o Goberno de España para un feira que xa lle dicimos que é fundamental. Estas son as contas Sr. Font e non os contos que vostede nos trae hoxe aquí. Por suposto que imos apoiar a súa moción.

SR. LÓPEZ FONT: A súa contestación Sr. Fidalgo é moi interesante porque por fin reconece o Partido Popular que nin o Alcalde nin eu, nin ninguén do Grupo Municipal Socialista mentimos, o que pasa é que a isto Sr. Fidalgo débeselle engadir

rigor e entón o rigor nas contas dificilmente, vostede que defende aquí os temas orzamentarios, de seguimento, de aplicación de orzamento e demais, as cifras que dixo 2009, 2008, 2012 e demais absolutamente inexactas. Voulle recomendar a vostede que revise a execución orzamentaria.

Nós multiplicamos por dez a achega que facemos a Conxemar, nós damos todo o apoio a Conxemar pero é máis, estamos tan á marxe de cores políticos que cando o Goberno Central do Sr. Zapatero ao que tanto mencionan vostedes, quixo reducir de 200.000 a 60.000 euros o Alcalde de Vigo esixiu que se mantivese a mesma cantidade.

Sabe cal é o problema da súa falla de rigor? Que non me ten que contestar a min, a quen ten que contestar é aos organizadores de Conxemar que os organizadores de Conxemar son os que lles trasladaron ao Alcalde de Vigo que as administracións están reducindo ao 50% e que a suma dun e doutro, ensínelle ese gráfico, porque sabe cal é o problema? Que si ese gráfico segundo vostede é real o que me terá que responder a min e aos organizadores é onde se quedaron os cartos, si Sr. Fidalgo. Son os organizadores os que alertan do perigo e non quixen entrar precisamente por seguir a senda do seu voceiro que xa vexo que vostede non está en sintonía e moitas ocasión co seu voceiro, porque debemos facer cidade, Sr. Fidalgo e o seu discurso é contrario á cidade. Vostede o que debe é pechar filas aquí, en vez de dicir as cantidades que se aportaron, porque moitas desas cantidades son do tal nefasto Sr. Zapatero, fíxese o que son as curiosidades.

Polo tanto voulo deixar claro agora, Conxemar é fundamental non valen declaracións de intencións só vale aportar e o que din os organizadores, non o Sr. Font nin a Sra. Silva, nin o Sr. Caballero na reunión que mantiveron con eles é, e está en prensa, que as achegas reducíronse á metade. En vez de preocuparse vostede de se mentimos ou senón mentimos, si cidade si ou cidade non, o que debe facer é unha aposta pola cidade, convén que poña a orella cando fala o seu voceiro e convén que siga esa senda porque ten hoxe un mal día.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito , adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.05.2014 (Rex. Nº 895/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, instando ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e á Xunta de Galicia ó obxecto de que aporten a mesma cantidade que o Concello de Vigo para a realización da feira de Conxemar, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.2(80).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO SERGAS A NON PECHAR NIN UNHA SOA CAMA NA ÁREA SANITARIA DE VIGO. EXPTE. 896/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de maio de 2014, número 896/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Un dos principais problemas que enfrenta España coa actual crise son os salvaxes recortes en saúde, coa aprobación do decreto da reforma sanitaria en abril de 2012 pola vía de urxencia para escapar do debate. Se a isto lle agregamos o aumento do copago farmacéutico e a exclusión sanitaria ten un efecto demoledor na saúde dos españois.

Pero isto non é todo: agora véñse a maior pechadura de camas e de quirófanos previsto para o verán pola Consellería de Sanidade, unha media de 219 prazas diarias, o 17,5% das dispoñibles, cando o verán é o mellor momento para diminuír as listas de espera, que o Sergas cifra en 38.000 persoas en toda Galicia e os sindicatos elevan a 60.000, ao haber menos ingresos derivados de patoloxías respiratorias.

Péchanse camas e derívanse pacientes á sanidade privada a costa do diñeiro público.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO:

Instar ao SERGAS a non pechar nin unha soa cama no Área Sanitaria de Vigo, a efectos de manter a calidade asistencial e avanzar na redución das listas de espera.”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión ordinaria do 27 de maio de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE:

SR. ESCUDERO RODRÍGUEZ: Un dos problemas que afronta España coa actual crise son os recortes en saúde, coa aprobación do Decreto da Reforma Sanitaria en abril de 2012 pola vía da urxencia para escapar do debate, si a isto lle engadimos medidas como o copago farmacéutico ou a exclusión sanitaria, ten un efecto demoledor sobre a saúde dos españois. Pero non é todo, agora aproveitando o período estival anunciase o maior peche de camas por parte da Consellería de Sanidade e de quirófanos previstos en Galicia dende que houbo transferencias. Unha media de 219 prazas diarias ou o 17,5% das dispoñibles cando en verán é o mellor momento, nalgúns casos, para dividir certas listas de espera, simplemente un dato que por en valor esta formulación é que no ano 2009 só se pecharon 459 camas durante o período estival e este ano a Consellería de Sanidade oficialmente anunciou o peche de 1.095 camas durante todo o verán.

O propio Xerente da Área Integrada de Vigo, comunicou á Xunta de Persoal desta área o peche de ditas camas. Na área de Vigo afecta durante a segunda quincena de xullo e todo o mes de agosto a 219 camas que deixarán de estar operativas, 45 máis que o ano pasado en xullo e 29 máis que en agosto.

As dúas primeiras semanas de xullo suprimíronse 149, máis que no exercicio anterior, na primeira quincena de setembro serán 191, unha máis e na segunda 172, nove máis. Os recortes afectarán as plantas sétima do Hospital Xeral, á zona de críticos, peche de reanimación do Meixoeiro, do Xeral, a todo o Complexo de Cíes, á planta cuarta do Nicolás Peña e as salas dous das plantas tres e cinco do Meixoeiro, e iso é o que comunicou o Xerente apoiándose segundo criterios na redución de orzamentos e en determinados estudos realizados que aconsellaban o

peche de ditas camas.

Este peche de camas, nesta cantidade, o único que vai provocar son tres elementos, aumentar o número de pacientes en espera cirúrxica, que no deixa de medrar ano tras ano, como consecuencia da política de recortes dos recursos humanos e materiais da Sanidade de Galicia. Segundo, que este número de camas vai repercutir aínda máis no crecemento durante o verán do número de pacientes nesta lista de espera, non só a global durante o ano senón especificamente durante os meses de verán que pasará a un 21%, posiblemente o incremento de lista en espera con motiva deste peche.

Terceiro, que o incremento é en termos absolutos e termos relativos de 641 camas máis que no ano 2009.

Cuarto, que estes recortes están dirixidos non só como un peche operativo para mellorar instalacións ou para sincronizar as lexítimas vacacións dos profesionais coa real diminución da demanda que se produce durante eses meses, senón que realmente vai no único e exclusivo beneficio da desviación dos recursos á sanidade privada de acordo coa nova Lei de garantías .

Polo tanto, en nome do Grupo do Partido Socialista neste Pleno solicito que se anule o peche de camas previsto para este verán.

Por outra banda, estamos de acordo coa emenda que engade o Bloque Nacionalista Galego que é instar a que non se peche o Centro de Saúde de Beiramar posto que concibimos o peche de camas non como un elemento illado da política sanitaria senón como un elemento máis da restricións de dereitos.

SR. ALONSO PÉREZ: O Bloque Nacionalista Galego xa ten presentado no Parlamento Galego unha proposición non de lei para instar ao SERGAS a que non continúe co peche de camas. Ademais xa se teñen manifestado en reiteradas ocasións a Plataforma en defensa da Sanidade pública contra estes peches e que hai unha evidencia e que a Xunta de Galicia en materia sanitaria é un auténtico desastre, sempre prioriza o aforro da sanidade pública para desvialo á privada cando o que deberían priorizar sempre tería que ser a mellora da calidade asistencial para os doentes.

Efectivamente, para este verán do 2014 o SERGAS anuncia a decisión de pechar durante 120 días máis de 1.200 camas hospitalarias, isto provocará problemas

asistenciais como a paralización da actividade cirúrxica ou incremento das listas de agarda, a saturación masiva dos servizos de urxencia e unha presión sobre os centros hospitalarios e sobre o propio persoal sanitario para reducir tanto o número de ingresos, como o tempo de estancia media da hospitalización, isto o que traerá consigo serán altas prematuras. O aumento do peche de número de camas dende o ano 2010 medrou de xeito progresivo, no 2010 pecharon 188 camas, agora no seguinte ascenderon a 670, no 2012 un novo incremento ata 787 camas pechadas, o 2013 elevouse a 1.105 e este ano 2014 o número anda en torno a 1.200 camas pechadas. En catro anos o Goberno Galego duplicou o número de camas pechadas no verán.

Na área sanitaria de Vigo a situación é límite xa que esta área sofre os recortes e a privatización da sanidade pública dun xeito salvaxe, o SERGAS anunciou para Vigo un peche histórico de camas no verán que afectará a 256 das 1.230 que existen na área sanitaria, esta medida provocará inevitablemente o incremento do sufrimento das persoas fronte a enfermidade ao atrasar o acceso das prestacións sanitarias.

Efectivamente, como dicía o Sr. Rodríguez Escudero, isto é un todo e a esta situación caótica hai que engadir a situación que vai provocar o peche do Centro de Saúde de Beiramar. Temos un déficit de infraestruturas en atención primaria e non se lle ocorre outra cousa, en vez de construír os que están pendentes como son o Centro de Bouzas, pechar un que está funcionando. Ademais, isto ocasiona colapso en sitios onde están desviando os enfermos e traslada á xente de Bouzas a Rosalía, un auténtico despropósito. Parece que está feito a posta facelo tan mal, o caos que está traendo a Xunta de Galicia á sanidade pública co obxectivo de priorizar á sanidade privada, recortes, desvíos, peches de camas, de centros, un auténtico desastre.

O Bloque Nacionalista Galego vai aprobar a moción e ademais facemos a emenda de incluír a solicitude de non aceptar o peche de camas, solicitar ao SERGAS que non o faga, que tampouco peche o Centro de Beiramar, acaba de dicir o Partido Socialista que vai aceptar a emenda, imos votar a favor coa emenda de que non se peche o Centro de Beiramar.

SRA. CEDÓN ALONSO: O Servizo Galego de Saúde ven de planificar a reorganización das camas funcionantes en período estival, reorganización que

obedece a un principio de eficiencia e a un equilibrio entre as necesidades dos usuarios e o traballo máis cómodo posible dos profesionais sanitarios que veñen a gozar as vacacións en período estival.

A reprogramación das camas de verán é unha estratexia que desenvolve dende hai moitos anos en tódolos hospitais do mundo, en tódolos sistemas sanitarios do mundo públicos, privados e medio pensionistas e que practican tódolos gobernos con independencia das ideoloxías, así por exemplo Andalucía, a esperanza do Partido Socialista, pecha este ano o 20% das camas, o que representa un 50% máis das camas que se pechan en Vigo, tendo en conta que Andalucía é a comunidade que recibe máis usuarios por turismo de verán. Cataluña, goberno nacionalista, pecha o 25% das camas, un 92% máis que en Vigo en este período estival. Así o fixo tamén o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego no goberno presidido polo Sr. Touriño, como acaba de recoñecer o Sr. Rodríguez.

Lembrábo a semana pasada o Presidente da Xunta de Galicia, a chegada do Sr. Touriño á Xunta de Galicia no verán do 2005, non supuxo abrir camas non funcionantes, e continuouse coa política de peche de camas no periodo estival do 2006, 2007 e 2008, cuns datos de rendemento cirúrxico e de intervencións moito máis baixos dos que temos agora, agora podemos permitirnós máis peche de camas porque acadamos un 75% de rendemento cirúrxico, 190.000 intervencións a pesares do peche das camas, unha cifra que non se acadou na historia de Galicia.

Pero garantir a seguridade e a calidade asistencial do paciente era o que argumentaba a Conselleira do Goberno do Sr. Touriño, a Sra. María Xosé Rubio para o peche das camas, esta argumentación válenos agora. Nós estaríamos dispostos a apoiar esta moción se en lugar de figurar no texto “non pechar nin unha soa cama” colocamos un “pechar non máis camas que nos anos 2005 e 2009”, valeríamos este proposta.

En Vigo mantéñense operativas o 87% das camas, muden os datos porque os teñen errados, o 87% das camas.

Para pechar estas camas fíxose un estudo quincenal da máxima ocupación, entón con isto conséguese dispor sempre de máis camas das que se necesitan nos picos de maior asistencia, isto durante todo o verán e non só iso e que ademais garántese a posibilidade de por en marcha o resto das camas se fora preciso, como xa se fixo o ano pasado durante a desgraciada catástrofe ferroviaria de Santiago de

Compostela, ogallá nunca teñamos que volver ser felicitados pola resposta do noso sistema sanitario ante algo así, pero que non lles caiba dúbida que si fora preciso abrir máis camas o Partido Popular sería o primeiro en solicitalo.

A reprogramación das camas baséase fundamentalmente en que no verán diminúe a incidencia de patoloxías que requiren ingreso, é o momento de máis solicitudes de vacacións dos profesionais e si ben o persoal de enfermería pode ser substituído, hai algunhas especialidades médicas nas que non é posible co que teríamos equipos incompletos que non poderían realizar as funcións que vostedes propoñen.

É o momento máis axeitado, como ben dicía o Sr. Rodríguez Escudero, para abordar obras e tarefas de reformas hospitalarias, e todos sabemos que o Hospital do Meixoeiro faise preciso unha reforma integral das fachadas, que non fixo en anos anteriores e para o que están habilitados cinco millóns de euros, e isto co 100% dos pacientes non é unha boa medida porque a historia non debemos repetila.

Para rematar, a “milonguita” de que derivados aos privados cóntenllo a outros, un 11% menos de derivacións a centros privados co goberno do Sr. Feijóo, co goberno do Sr. Touriño aumentaron un 44%, non é que o diga eu e que onte na prensa viña, as clínicas privadas teñen valeiras o 30% das camas porque o SERGAS deriva un 11% menos de pacientes.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Recoñecemos que durante o verán pódese producir un peche de camas limitado, en función de parámetros de eficiencia para garantir o mantemento das instalacións porque se produce unha maior demanda e programación cirúrxica e por outra banda hai que harmonizalo coa lexitimas vacacións dos profesionais, pero unha cousa é o peche dun número de camas limitado como no ano 2009, 454 e outra é o peche 1.095 camas. Este peche de camas non é funcional e operativo en función do que vostede dicía e eu dicía antes, senón isto é unha estratexia na política de recortes e vulneración dos dereitos dos cidadáns non só de Vigo senón de todo o Estado. Nada ten que ver este recorte salvaxe coas necesidades operativas do sistema do mantemento de das vacacións, porque non se esqueza Sra. Cendón que vostedes mesmos protestaban pola diminución do número de camas no ano 2008, que nada tiña que ver con este número salvaxe, desproporcionado, sectario e que define a política totalmente de

desmantelamento do sistema público, porque este é un elemento máis desa política de desmantelamento dos dereitos dos cidadáns.

Empezaron no ano 2012 co Decreto Lei que permitiu quitar como dereito á saúde a tódolos cidadáns e poñela en función de se é beneficiario ou non da Seguridade Social, limitando o dereito da poboación que non ten recursos ou a poboación que non está asegurada, a réximes de subsistencia ou subsidiariedade pero nunca de dereito. Ese é o seu gran reto, falacia e a súa gran obra en Sanidade, destruír o principio de dereito universal da asistencia e continuaron coa diminución dos Orzamentos, máis de 3.000 millóns de euros en todo o Estado durante estes tres anos, que iso transmítese en recortes que están desmantelando a Asistencia Sanitaria tanto nos recursos máis importantes no sistema como é a poboación, a precariedade do persoal, o valor fundamental do sistema, ao persoal estano precarizando e polo tanto descapitalizando tamén en infraestruturas.

PRESIDENCIA: Hai unha emenda do Bloque Nacionalista Galego que foi admitida polo tanto debe ser sometida a votación.

Non se aceptou a emenda, non foi unha emenda "in voce", se quere lla tramito como emenda "in voce" Sra. Cendón. Aceptan a emenda "in voce"? Non.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, presenta a seguinte emenda de engádeda.

2.- Instar ao SERGAS a que non peche o Centro de Saúde de Beiramar.

Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. López Font, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA DO GRUPO DO BNG: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez,

Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, acórdase aprobar a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.05.2014 (Rex. Nº 896/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, engadindo a emenda presentada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, resultando o seguinte texto:

1.- Instar ao SERGAS a non pechar nin unha soa cama no Área Sanitaria de Vigo, a efectos de manter a calidade asistencial e avanzar na redución das listas de espera.

2.- Instar ao SERGAS a que non peche o Centro de Saúde de Beiramar.

5.3(81).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INMEDIATA REPOSICIÓN DUN PROGRAMA QUE CONTEMPLE AS NECESIDADES DE ALUGUER DE VIVENDA PARA OS COLECTIVOS MÁIS NECESITADOS E DESPROTEXIDOS. EXPTE. 897/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de maio de 2014, número 897/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Decreto 84/2010 do 27 de maio, baseaba a súa motivación en:

1. Poñer en marcha un programa que se configura como unha medida de mercado carácter social, coa dobre finalidade de:

- Promover o mercado do aluguer de vivendas de titularidade privada, mediante medidas e axudas públicas que dan seguranza ás persoas que incorporen vivendas ao programa para o seu arrendamento.
- Facilitar o acceso a unha vivenda en réxime de arrendamento aos colectivos con menores ingresos, adaptada as súas necesidades, en condicións de habitabilidade, e cunha renda acorde aos seus ingresos, para o cal se prevé o financiamento parcial do prezo da renda, a través da axuda ás persoas inquilinas regulada no título IV deste decreto.

O Programa Aluga xorde da necesidade de dar unha nova orientación ás medidas de fomento do aluguer de vivendas privadas desenvolvidas na Comunidade Autónoma de Galicia desde o ano 2002, cuxa última regulación se contén no Decreto 48/2006, co obxecto de paliar as disfuncionalidades detectadas, introducindo melloras técnicas e procedementais de racionalización e simplificación administrativa, nun enfoque sustentado na vinculación e integración desta actuación na estrutura e instrumentos con que conta o IGVS para a xestión e execución do conxunto de medidas de fomento para o acceso a unha vivenda, todo isto, co fin de acadar un maior grado de eficacia e eficiencia no seu funcionamento e nos obxectivos perseguidos.

2. Ademais se previa a posibilidade de adxudicación directa de vivendas en supostos de excepción determinados, entre eles, cando se trate de mulleres vítimas de violencia de xénero ou de persoas con discapacidade ou dependencia que propoñan a incorporación dunha vivenda cunha especial adaptación.

O Decreto 18/2014 do 13 febreiro na súa disposición derogatoria única, derroga o Decreto 84/2010 do 27 de maio agás para os supostos de persoas afectadas por execucións hipotecarias.

Entendendo que as motivacións do Decreto 84/2010 seguen vixentes xa que a situación dos colectivos mais vulnerables agravouse dende o ano 2010 ata hoxe.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a inmediata reposición dun programa que contemple as necesidades de vivenda en réxime de aluguer dos colectivos mais necesitados que actualmente están desprotexidos.”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión ordinaria do 27 de maio de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: A vivenda é evidentemente unha necesidade persoal de primeiro ámbito, a situación de crise económica afundiou a moitas familias para poder alugar unha vivenda ou inclusive para poder pagar a súa hipoteca. A situación que moitos cidadáns padecen con relación á vivenda é unha das máis graves e é unha das situacións máis dramáticas que se viven en ámbito persoal.

Evidentemente a vivenda hoxe pódese afirmar que constitúe un dos principais problemas dos cidadáns, é neste campo onde entendemos que as políticas sociais deben actuar por parte das administracións que deben ser prioritarias para axudar precisamente aos máis necesitados, é unha obriga das administracións intentar cubrir este e outros apartados precisamente onde máis sofren os nosos cidadáns e tamén é certo que é aquí onde tódalas administracións e dixémolo ao longo da mañá, debemos sumar esforzos.

Polo tanto, ninguén dubida e pode negar que son as administracións as que temos que saír ao rescate daqueles que máis dificultades teñen, e digo rescatar no sentido de axudar porque son termos incompatibles cunha política de recortes, con ese “austeridicio” ao que nos someten algúns gobernos fronte ao mal que o están pasando os cidadáns. Se a crise económica maniféstase de forma moito máis alarmante dende o ano 2007, queda demostrado que estas políticas de axuda de vivenda aos colectivos máis desprotexidos que veñen xa dende o 2002, é evidentemente que xa se necesitaba esa axuda.

Esta política, dende a Xunta de Galicia, foi referendada en 2006 polo Goberno do

Sr. Touriño, o programa “Aluga” nese sentido era unha resposta, comprendía un conxunto de medidas que daba cobertura aos máis necesitados, que se dirixía aos colectivos máis desprotexidos e neste momento precisamente, cando a crise se manifesta con maior virulencia, cando o problema da vivenda é maior inclusive que en anos anteriores, non pode deixar de selo, non poden abandonarse estes programas de axuda no caso concreto dende a Xunta de Galicia porque ademais a vivenda é unha competencia dela.

Utilizamos unha frase tan descritiva de non traspasar liñas vermellas para moitas outras cuestións, pero creo que con maior motivo debe aplicarse aquí, o programa “Aluga” debe manterse, se as administracións neste caso a Xunta de Galicia necesita recortes, meter a tesoira a algúns gastos, débese buscar noutras partidas, noutro lado pero nunca alí onde máis se necesita. É aquí onde se demostra a sensibilidade da cada un dos gobernos, e neste Goberno Municipal o Alcalde ten toda a autoridade moral para facer esta proposta que facemos na moción, o que reivindicamos doutros aquí o facemos, porque nos Orzamentos de 2014 propóñense tres actuacións dirixidas a aloxamento, alimentación e pobreza enerxética que precisamente o que cobren é a axuda aos máis necesitados.

Polo tanto, para estas políticas si que son necesarios uns orzamentos, para aluguer de vivenda, apoio aos alimentos e para pobreza enerxética como dicía anteriormente, tallantemente non se pode eliminar a política de axudas á vivenda, no momento actual é inasumible que un programa como o “Aluga” quede totalmente derogado. Manifestamos que isto obedece a unha determinada forma de gobernar que rexeitamos e que combatemos coa nosa actuación no ámbito que nos corresponde. Propoñemos clara e nitidamente que é necesario que a Xunta de Galicia de prioridade ás políticas de axuda a vivenda, nas súas distintas variantes e moi ao contrario de derogar, o que debe facerse é ampliar esta política de axudas. Deben buscarse novas formulas que amplíen o acceso á vivenda para os máis necesitados pero nunca proceder a unha derogación que ao que axuda é aos colectivos máis necesitados, que viña funcionando e que non ten sentido o que se derroque.

SRA. VELOSO RÍOS: Dicía o Sr. Font que a vivenda é agora mesmo un dos principais problemas da cidadanía. Desgraciadamente e así cando a vivenda é un dos

dereitos recoñecidos pola Constitución da cidadanía. A vivenda é un dereito básico que se converteu en base a políticas especulativas que promoveron esta burbulla inmobiliaria que aínda estamos pagando hoxe, nun obxecto de especulación deixando moitas persoas sen acceso a un dereito básico. Isto sumouse á ausencia absoluta de políticas públicas para garantir o acceso á vivenda da cidadanía. Nese sentido alégrame que agora o Partido Socialista recoñeza que a vivenda é unha competencia das Comunidades Autónomas e neste caso da Xunta de Galicia, mentres estivemos costeando cos cartos de todas/os un Ministerio de Vivenda que non servía absolutamente para nada e afortunadamente aquí na Xunta de Galicia o Bloque Nacionalista Galego tiña as competencias en materia de vivenda creou este programa “Aluga” que agora vostedes reivindicán e reclaman que se poña de novo en marcha.

A nós parecíanos, cando ocupábamos as competencias de vivenda no goberno da Xunta de Galicia, que era fundamental poñer en marcha as políticas públicas que garantan o dereito á vivenda como dereito básico que é, e puxemos en marcha o programa “Aluga”. Tivemos en conta as situacións especialmente sensibles como a das mulleres vítimas de violencia de xénero que tiñan acceso directamente as vivendas do programa Aluga, e iso solucionou ademais en moitos casos, os problemas de moitas mulleres que necesitaban unha vivenda propia para poder escapar das situacións de malos tratos.

Todo iso desapareceu porque coa chegada do Partido Popular desapareceron as políticas públicas de vivenda dende a Xunta de Galicia, e hai moitas persoas que o están pasando moi mal porque sufrindo unha situación de crise económica cunhas cifras de desemprego terribles, e ademais quedáronse sen recursos públicos neste caso, recursos a vivenda. Así que nós dende o Bloque Nacionalista Galego imos sumarnos ao discurso que acaba de facer o Sr. Font reclamando os dereitos dos cidadáns/as que peor o están pasando aínda que a Sra. Silva normalmente cualifica ese discurso como demagogia. Nós imos sumarnos á demagogia do Sr. Font neste caso porque tamén reclamamos o dereito básico á vivenda das persoas que peor o están pasando na nosa cidade.

Dicía tamén, e remataba a súa intervención falando da necesidade de novas propostas, de fórmulas que garantan o acceso á vivenda da cidadanía, e nós quereríamos engadir a esta moción que presenta o Partido Socialista algunha desas

novas propostas e algunha desas novas fórmulas, para poder darlle máis contido á aprobación de políticas, da demanda de políticas públicas de vivenda neste Pleno. Supoñemos que consciente como é o Sr. Font e o Partido Socialista e o Goberno Local da necesidade de poñer en marcha novas propostas e novas fórmulas, esperamos que acepten esta emenda. Nós propoñemos engadir un segundo punto á moción presentada polo Partido Socialista que diga “instar ao Goberno Municipal a adicar as vivendas de propiedade municipal a aluguer social, a promover a construción de vivenda de protección oficial e a axilizar a tramitación das axudas sociais que permitan ás familias facer fronte ao pago das súas vivendas”. Parécennos tres medidas que poderían contribuír a axudar a moitas familias da nosa cidade que agora mesmo están atravesando problemas moi serios, tendo en conta que este goberno municipal ten 40 vivendas en propiedade que poderían ser vivendas dedicadas ao aluguer social de familias da cidade, que tendo en conta que o Alcalde amosou en campaña electoral unha especial sensibilidade coa necesidade de promover vivendas de protección oficial e así o prometeu de feito, e que aínda non hai nin unha desas 4.000 ou 6.000 vivendas que prometera, e tamén a necesidade de que se tramiten as axudas sociais de maneira áxil, nós supoñemos que esta emenda será aceptada.

De feito, esperamos tamén que as axudas dedicadas a vivenda recollidas nas últimas axudas convocadas se “efectivicen” porque na base das axudas non se recolle a cantidade que se vai adicar a alugueres ou hipotecas.

SR. CENDÓN ALONSO: Efectivamente o programa “Aluga” era un bo programa regulado polo Decreto 84/2010, está dirixido ao aluguer de vivendas desenvolto ao amparo do Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012, naceu coa dobre finalidade como vostede dicía o aluguer de vivendas privadas, e o aluguer a persoas con ingresos reducidos que non superen tres puntos e medio o IPREM, con prioridade a colectivos diversos e sen ingresos. Por que se derogou este decreto que realmente demostrou os seus beneficios? Pois pola sinxela razón de que non ten moita xustificación mantelo ligado ao plan do 2009-2012 cando existe xa un novo Plan Estatal, o denominado “Plan Estatal de Fomento del Alquiler de Viviendas, la rehabilitación edificatoria y la regeneración y renovación urbanas”. Quedaron exceptuados, como non podería ser doutro modo, os programas de

realoxamento para as persoas afectadas por execucións hipotecarias, un programa prioritario para a Xunta de Galicia, como resposta a unha problemática social de primeira orde, aínda que a vostedes non lle pareza oportuno priorizar este programa, quedaron exceptuados tamén os contratos que estaban en vigor, evidentemente ata a súa extinción.

Actualmente a Xunta de Galicia está a negociar co Ministerio de Fomento o convenio polo que se rexerá a aplicación do citado Plan Estatal en Galicia, unha vez asinado este convenio o Plan será de aplicación inmediata, non é preciso tramitar un novo decreto, dado que cando se derogou o anterior Plan "Aluga", estableceuse que trala sinatura do convenio simplemente coa publicación dunha orde, entraría en vigor. Por este motivo, e tendo en conta que a Xunta de Galicia xa ten previsto crear un novo programa de vivendas no marco do Plan Estatal específico, temos que rexeitar a iniciativa proposta e ademais vaise a implantar de inmediato, non hai ningunha necesidade de instar á Xunta de Galicia.

Sorprende sen embargo, o interese que amosa o Partido Socialista polos programas sociais de vivenda, mentres o Concello vende as vivendas da súa propiedade no canto de destinalas a familias desfavorecidas. Que hai das 6.000 vivendas de protección prometidas na campaña electoral? Serviu para algo ese 40% de solo urbanizable para vivendas de protección? Que hai daquel bosque de grúas prometido?. As únicas que puideron ver neste tempo son as grúas do novo hospital Álvaro Cunqueiro, que por certo están próximas a ser retiradas porque xa está rematado o conxunto da edificación.

Vostedes en materia de vivenda "cero patatero", e máis nin sequera cando poñen á venda as vivendas da rúa República Argentina teñen en conta prioridades sociais, acordáronse acaso dos discapacitados? Voulle ler unha carta que seguramente dirame como lle dixo á Sra. Veloso que é demagogia, pero esta carta recibina e quero facelo público, dime este discapacitado "Desculpe pero ao ter os dedos mal non podo escribir mellor que era o que máis me gustaba", recriminar a alguén porque escribe mal por isto a verdade é que ten delito, o que di é que intentou poñerse en contacto con este Concello para suxerirle algunha vantaxe para os discapacitados e que ninguén o recibiu, e di ademais que cando conseguiu falar cunha secretaria a contestación foi "que non eran vivendas de promoción pública senón que poderían optar tódalas persoas que quixeran, excepto discapacitados

porque non figuraban nas bases e ademais as vivendas son antigas e non queremos reformalas”, parece que isto é política de vivenda deste Concello, moi social sen dúbida. Mentres tanto a Xunta de Galicia vivenda de inserción asistenciais, aprazar ou fraccionar o pagamento de vivendas en casos de precariedade, programa de realoxar afectados por execucións hipotecarias, convenio da Xunta de Galicia co Consello Xeral do Poder Xudicial para afectados dos desafiuzamentos.

SR. LÓPEZ FONT: Sinceramente Sra. Cendón ou se preparan os Plenos e saben de que estamos a falar ou senón o debate con vostedes é imposible, porque se vostede non se decatou de cal é a posición do seu grupo político con respecto a determinadas vivendas, mal estamos ou é que ten discrepancias importantes. Se nunha convocatoria de vivendas na que saen dúas para discapacitados, e vostede non se decata e ven aquí a dicir que non quitamos vivendas para discapacitados é o colmo, Sra. Cendón imos ter que traer a este Pleno un notario para que certifique o que está nos papeis, un pouco de rigor, dígolle o mesmo que ao Sr. Fidalgo, un pouco de rigor porque o que non pode ser é mirando á cámara facer unha demagogia tremenda sobre o tema de discapacitados cando vostedes estanos enviando a Vila de Cruces.

Imos ser un pouco serios e imos dicir cales son as cousas en realidade e o que é evidente é que vostede o que non pode dicir é que como haberá un Plan de Vivenda estatal a Xunta de Galicia abandona a aqueles que teñen necesidades na nosa comunidade autónoma, é o colmo. Di que vai rexeitar a moción porque hai en marcha un programa, non. Nós estamos pola vivenda para os que o necesitan e especialmente para colectivos como os discapacitados, entón escoitala a vostede non recoñecer que apoiamos a vivenda para discapacitados, vostede tan chea de razón di aquí que non quitamos vivendas, é o colmo. Nós preocupámonos pola vivenda sempre, cando gobernabamos na Xunta de Galicia e cando gobernamos aquí, correspóndelle á iniciativa privada facer vivendas.

Voulle dicir unha cousa, vostedes votaron en contra do 43% de vivenda protexida cando se votou o Plan Xeral, vostedes votaron en contra e iso si que é axudar a quen realmente o necesita, como pode facer o discurso que di hoxe, absolutamente incomprendible.

Sra. Veloso, non quero que comparta comigo a demagogia porque eu non a fago, cando a Sra. Silva lle di que vostede é unha demagoga o comparto e é totalmente certo, porque está misturando unhas cuestións con outras e niso pódese asemellar a cousas que dixo a Sra. Cendón hai uns minutos. Con vostede nese sentido non quero compartir absolutamente nada, aquí o que vale é a axuda que cada un facemos e nós temos un plan no Orzamento do 2014 para axudar a persoas que teñen necesidades sobre as vivendas.

Eu tamén recibín un correo dun cidadá de Pontevedra que dicía ogallá en Pontevedra fixera o Bloque Nacionalista Galego o que fai o Partido Socialista en Vigo.

PRESIDENCIA: Sr. Font, entendemos que non acepta a emenda do Bloque Nacionalista Galego e polo tanto sometemos á votación a moción.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.05.2014 (Rex. Nº 897/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, instando á Xunta de Galicia un programa de aluguer de vivendas para os colectivos máis necesitados, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

Non houbo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(82).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 28 de abril e 28 de maio de 2014.

1.2(83).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 28 de abril e 28 de maio de 2014.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non houbo.

4.- MOCIÓNS.

4.1(84).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A POTENCIAR O AEROPORTO DE PEINADOR COMO FERRAMENTA DE BENESTAR E PROSPERIDADE ECONÓMICA E TURÍSTICA DE VIGO E DE GALICIA. EXPTE. 890/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de maio de 2014, número 890/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O Aeroporto de Vigo sufriu nos últimos anos un descenso continuado de tráfico, rutas e pasaxeiros que ten como resultado unha redución dun 41% dos pasaxeiros nos últimos 5 anos e de máis dun 50% das mercadorías no último ano.

Neste dato incide de forma significativa e fundamental a competencia desleal que está a sufrir o aeroporto de Vigo, xa que o aeroporto de Santiago recibe axudas a voos por parte da Xunta de Galicia, o aeroporto d'A Coruña por parte do concello, o aeroporto de Porto recibe axudas do goberno de Portugal mentres que o aeroporto de Vigo non recibe ningunha axuda. O PP, tanto no goberno do estado como na Xunta de Galiza, fai deixación de funcións ao promover a competencia entre os aeroportos, no canto da súa complementariedade, ao negar de maneira reiterada os investimentos precisos, ou ao non promover o turismo e os sectores produtivos de Vigo para garantir a competitividade dun aeroporto como o de Peinador que a propia AENA certifica que ten aínda potencial para crecer.

A xestión e a aposta decidida polo futuro dun sistema aeroportuario galego onde o aeroporto de Peinador xogue un papel chave na recuperación económica e na creación de emprego en Vigo e a súa área de influencia require fomentar consensos e xerar un movemento reivindicativo de todo un espazo económico que entende o aeroporto como un instrumento útil e necesario para poder saír da recesión social e económica.

Para facer fronte a esta situación e buscar alternativas a esta caída de actividade e pasaxeiros, o pleno da corporación, cos votos favorábeis do PSOE e do BNG, en sesión de data 5 de agosto, aprobou un plan específico para dinamizar o aeroporto de Peinador. Desgraciadamente, a día de hoxe a situación do aeroporto vigués segue a ser moi preocupante polo que propoñemos un novo acordo para facer fronte a esta situación agardando que teña efectos reais coa asunción das súas competencias por parte de cada administración implicada aplicando tamén os acordos alcanzados no Parlamento galego.

Por estes motivos solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Amosar a unidade sen fisuras de todos os interlocutores políticos, sociais, económicos, laborais e institucionais da cidade para manter e mellorar a competitividade e sustentabilidade no tempo do Aeroporto de Peinador, tendo en conta a súa importancia para o desenvolvemento das nosas economías e das do noso contorno.
2. Esixir que se realicen os investimentos previstos no aeroporto de Peinador.
3. Amosar o inequívoco compromiso do Concello de Vigo de continuar coa política estratéxica de acordos que dan a coñecer o amplo abano cultural, gastronómico, turístico e de negocios da cidade e a súa área e que logrou que se implanten novas compañías, destinos e frecuencias, polo que ha de continuarse por ese camiño e recabar novos apoios dos concellos da área metropolitana, sempre coa fin de dar resposta á demanda de cidadáns, negocios e turismo.
4. Solicitar da Xunta de Galiza un trato idéntico e equitativo para os tres aeroportos, con propostas de coordinación para que as tres terminais poidan funcionar cooperando e colaborando entre si de acordo coa resolución aprobada por unanimidade no Parlamento galego o 25 de xuño de 2013.
5. Apoiar a potenciación do aeroporto de Peinador como terminal de mercadorías como elemento fortalecedor da economía de Vigo e a súa área.
6. Solicitar á Xunta de Galiza a mellora da conectividade da área metropolitana co aeroporto de Peinador.
- 7.- Continuar potenciando o interese público do aeroporto de Peinador e o seu papel primordial no desenvolvemento económico da cidade, a súa área e Galiza.”

A Comisión Informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes, na súa sesión ordinaria do 27 de maio de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE:

SRA. VELOSO RÍOS: Nós traemos hoxe aquí unha moción unha vez máis pedindo o que lle corresponde nin máis nin menos que ao Aeroporto de Peinador de Vigo. O Bloque Nacionalista Galego sempre defendeu a necesidade de apostar polo Aeroporto de Peinador por parte das administracións competentes, administracións que levan abandonado durante anos o Aeroporto da nosa cidade e contribuíndo co seu desleixo á grave crise que está sufrindo nos últimos anos.

Nós reclamamos, tanto do Goberno do Estado como do da Xunta de Galicia, que asuma as súas competencias para quitar da crise ao Aeroporto de Peinador, e para iso sempre defendemos a necesidade da creación dun sistema aeroportuario galego no que os tres aeroportos da Comunidade poidan traballar de maneira coordinada e sendo complementarios uns cos outros, algo que é tan de sentido común que só se entende que se faga precisamente a mantenta ao esforzarse dende as distintas administracións por unhas políticas que van exactamente na vía contraria, na da competencia entre os tres aeroportos galegoa e na do discurso da confusión dicindo en cada cidade e en cada momento o que cada parroquia quere oír, dando datos e facendo propostas completamente contradictorias por parte da ministra, neste caso da Sra. Pastor, ou por parte do propio Goberno da Xunta de Galicia segundo lles interese, sexa o momento electoral e a cidade na que se expresen.

O Bloque Nacionalista Galego mantivo sempre a mesma posición a respecto das políticas aeroportuarias no noso país e en todo o noso país para os tres aeroportos galegos. Por iso, a moción que se aprobou no concello de A Coruña en defensa do Aeororto de Alvedro é unha moción que nós tamén queremos aprobar neste Concello porque temos moi claro que Aeroporto de Peinador non é min máis nin menos que ningún outro aeroporto, e que ten o mesmo dereito que os outros aeroportos galegos a reclamar o que lle é propio. Por iso facemos este proposta con sete puntos nos que esiximos basicamente que cada administración asuma as súas competencias e que tódalas forzas políticas e tódolos axentes sociais e económicos da cidade nos unamos en defensa do Aeroporto de Peinador.

Parécenos oportuno ademais, tendo en conta que acaba de estrear unha nova

terminal, a ampliación da terminal de Peinador por certo inauguración con visita de distintas autoridades a que o Bloque Nacionalista Galego non foi convidado, e polo tanto entendemos que tampouco está precisamente entre as prioridades de ningún dos gobernos que participaron nel a unión das forzas políticas, porque non fomos convidados a participar, pero ademais vemos como se inaugura felicitándose moito por parte de tódolos cargos públicos que participaron nesta inauguración, unha nova terminal que si comparamos coa nova terminal que estreou no seu momento o Aeroporto de Lavacolla, vemos claramente cal é a diferenza de trato do Aeroporto de Santiago de Compostela e o de Vigo. O Aeroporto de Santiago de Compostela estreou o súa nova terminal en 2011, hai tres anos, na que se investiron 250 millóns de euros, e na que se pretendía dotar ao aeroporto dunha capacidade para mover catro millóns de pasaxeiros. O Aeroporto de Peinador estrea a ampliación, por certo, moi reducida dende o proxecto inicial ata o que se fixo finalmente cun investimento de 48 millóns de euros, fronte aos 250 millóns de Lavacolla, e estase falando de intentar chegar a unhas perspectivas de 700.000 pasaxeiros, con novos destinos nos que, segundo a Sra. Pastor, están aínda traballando porque non asumiron aínda nin sequera aquel famoso Plan de Viabilidade que viu propoñer a Sra. Pastor hai anos e polo que aínda estamos agardando, e desgraciadamente a principal autoridade desta cidade nese acto foi aplaudir a falla de actuación do Ministerio e a falla de iniciativa da Sra. Pastor no canto de reclamar que se nos trate igual que a outros Aeroportos, no canto de reclamar que sexan outras administracións as que paguen para ter máis liñas aéreas e non que sexamos os vigueses/as os que teñamos que facelo.

Esperamos que como en A Coruña haxa un acordo e se aprobe esta moción.

SR. LÓPEZ FONT: Gracias Alcalde bos días outra vez, evidentemente non comparto a demagogia con vostede Sra. Veloso, dicíallo anteriormente e agora máis. O Alcalde de Vigo o sábado non aplaudiu as políticas do Ministerio de Fomento, defendeu a esta cidade como o ven facendo de forma permanente a diferenza de vostedes.

Sorpréndeme esta moción, porque esta moción é un auténtico lavado de cara Sra. Veloso porque é copiada doutra que presentaron en A Coruña, copiar e pegar é moi eficaz á hora do traballo administrativo pero é nefasto para a política, Sra. Veloso.

Difícilmente valen as copias neste tema tan importante porque cada aeroporto é unha realidade e ten os seus problemas e a realidade é que o Aeroporto de Vigo está totalmente marxinado. E digo que é lavado de cara porque volver a pedir boas intencións é quedarse a metade de camiño Sra. Veloso, é non dicir nada, sexamos realistas vexamos a dura realidade do Aeroporto de Vigo aquela que é consecuencia das políticas da Xunta de Galicia pero tamén das propostas e das opinións de algúns grupos municipais como o seu.

A política aeroportuaria galega está deseñada para castigar a Vigo, e iso é o que hai que dicir, e iso é o que non din vostedes, o que pasa é que se dixo neste Pleno o ano pasado, lembra moi mal Sra. Veloso a secuencia do debatido neste Pleno, o 5 de agosto vostedes apoiaron unha resolución proposta polo Alcalde de Vigo e este grupo acepto unha emenda que vostedes presentaron e que era todo un compendio do que había que facer no Aeroporto de Vigo. Agora iso si, non sei que pasou entre o 5 de agosto e o 9 de setembro que cando era a hora de materializar o aprobado anteriormente vostede volvéronse atrás, porque explíqueme como é posible levar a cabo o que aprobamos o 5 de agosto se non se aproba o 9 de setembro a materialización económica destas cuestións, esquecéndose de que as primeiras axudas que se deron a aeroliñas foron do Sr. Domínguez Olveira e do concelleiro de Turismo do Concello da A Coruña, a min sorpréndeme.

O que vale con relación ao Aeroporto de Vigo é o que está facendo este Goberno Municipal que se materializa nesa información, este Goberno Municipal e o Alcalde en todo canto foro houbo non parou de pedir unha igualdade con relación aos outros tres aeroportos e é aos outros dous aeroportos, e isto o temos aprobado aquí, polo tanto, o que temos que facer é alternativas realistas.

Sra. Veloso a moción é claramente insuficiente, o Bloque Nacionalista Galego chega tarde, non sei se coa intención de que os cidadás agora lles compren a vostedes unha mensaxe que xa está decidido neste Pleno que está defendido polo Goberno Municipal e en especial polo seu Alcalde e ao que vostede no apoiaron. Voulle dicir sinceramente, vostede fixo moito dano á política de apoio ao Aeroporto de Peinador, en moitos debates e manifestacións públicas vostede quixo contrapoñer axudas lexítimas ao tema do Aeroporto con políticas sociais, e iso fai moito dano. Vostede sabe perfectamente que este Concello ten a mellor política social de España e a tiña en 2013, cando vostedes votaron con nós, xa non é a mellor, a do

2013 que vostedes votaron xa non é a mellor porque a mellor é a do 2014. Para que haxa políticas sociais Sra. Veloso, tamén ten que haber avións e tamén ten que ser o Aeroporto de Vigo o principal centro da cidade á hora de potenciar turismo, economía e demais, porque hai que oír moitas mensaxes que se din, e o prioritario é que case o 50% dos voos do Aeroporto de Vigo teñen relación co sector industrial, e para que unha cidade como esta poda dedicar cantidades importantes de cartos a políticas sociais ten que ser forte economicamente, porque as cidades que non son fortes economicamente o que necesitan é axuda das demais. Nese sentido aplaudo o proxecto de Orzamentos que o Alcalde de Vigo presentou, equilibrado, onde hai que crear economía crease economía e onde hai que dar políticas sociais dánse as mellores.

Insisto, recibín un correo dun cidadán de Pontevedra que ogallá vivise en Vigo porque así non estaría desafiuzado.

SR. FIGUEROA VILA: O Partido Popular creo que manifestou durante os últimos anos a súa política aeroportuaria. Nós cando gobernamos na cidade de Vigo recuperamos unha serie de voos, neste caso de AirEuropa con Madrid e Barcelona e tamén París que naquel momento era importante e que se segue mantendo sen subvencións. Considerábamos e consideramos que a política de subvencións ás aeroliñas non é a mellor política pero tamén dicimos que noutros lados se manteñen estas políticas faise unha competencia desleal onde non se fai, e creo que isto é a segunda cuestión que queríamos concluír porque parécenos que é fundamental e importante. É certo que nós seguimos mantendo e ogallá se puidera recuperar a liña de non subvencionar as aeroliñas, pero no mercado nacional desvirtuouse cunha serie de administracións que financiaron as aeroliñas e isto rompeu o mercado e as políticas que nós consideramos que son as acertadas.

Dito isto, neste Concello propúxose, creo que foi a principios de agosto unha proposta para facer unha modificación de crédito que o Grupo Municipal do Partido Popular apoiou e polo tanto deu a posibilidade ao Goberno de implantar axudas e intentar buscar novas rutas e destinos e iso é unha parte positiva que nós consideramos dentro deste proceso.

Nós tamén propuxemos, despois de que se realizase unha reunión do Comité Aeroportuario de Aena onde estiveron tódolos Alcalde das grandes cidades, Vigo, A

Coruña e Santiago de Compostela e os voceiros empresariais, nós presentamos un documento que estaba baseado sobre todo en varios aspectos que vou resumir: potenciar Madrid como ruta fundamental baseada na rebaixa de prezos, Barcelona aumentar as frecuencias e destinos turísticos transversais como Bilbao, Valencia, Sevilla, Málaga, Alicante, Canarias e Baleares e tamén fixemos un estudo sobre os posibles voos internacionais que xa tiñamos París, a posibilidade de Frankfurt, Bruselas, Basilea polo tema da relación con Citroën e tamén un trato especial e diferenciado para as mercadorías. Esa é a nosa política e nos imos axudar a que esa política se leve a cabo, evidentemente as administracións que gobernan son as que teñen que poñer enriba as propostas concretas, así é como funciona, é dicir, nós podemos seguir orientando e facer a nosa proposta como xa fixemos e imos seguir mantendo esa mesma liña de traballo, pero agora parécenos que esta moción ven fora de tempo, é dicir, parece como se fora para xustificar unha presenza nos últimos días dunha ministra que o fai despois dunhas eleccións e que corrobora e ratifica o traballo que está facendo non só no Aeroporto que rematou o Aeroporto que está facendo unha pasarela de conexión co IFEVI que levabamos oito ou dez anos solicitándoa e ninguén foi capaz de facelo. Unha persoa que está implicada totalmente non só na terminal do Aeroporto que os que estivemos alí, démonos conta da magnitude desas instalacións e desa infraestrutura, senón tamén todo o que circunda ás liñas de comunicación que ten no seu entorno, estamos a falar das conexións con Pontevedra e con Pontevedra Sur, o tema da ampliación da Ponte de Rande que aínda non sexa un tema a tratar, si que ten unha relevancia importante con respecto a esta cuestión, a estación do AVE que o outro día atopeime a unha persoa que dicíame que é unha das infraestruturas máis importantes que se van construír agora en España en canto ao AVE. Polo tanto eu creo que se están dando tódolos pasos para conformar que as comunicacións de Vigo co resto de Galicia e coa meseta puidéranse ir buscando unha liña positiva que é o que todos pretendemos.

Polo tanto, nós imos seguir colaborando nas propostas que se fagan con respecto ao Aeroporto de Peinador, imos a absternos nesta moción, non sei cal será a emenda que presente o Partido Socialista pero imos absternos porque creo que non aporta absolutamente nada o que xa se está facendo, polo tanto, falar agora de infraestruturas, de que hai que amosar novas liñas de conectividade, de

coordinación dos Aeroportos, creo que este debate levouse a cabo xa nos últimos meses, eu diría que anos e creo que o que se trata agora é de facer propostas concretas e que cada proposta concreta teña unha consignación orzamentaria e poidamos levala a cabo.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós lamentamos que se pense e que se diga ademais explicitamente que xa non é momento de defender ao Aeroporto de Peinador porque a realidade é que segue caendo en picado, lonxe do que di ese anuncio, esa propaganda que nos amosaba o Sr. Rivas, Peinador non despega, segue caendo en picado. Cando se fala de cifras positivas como fixo a Sra. Pastor este fin de semana dixo que confiaba en que este ano pechase polos 700.000 pasaxeiros, cando en 2013 pechou con 678.000 pasaxeiros, isto é todo o que demanda para o Aeroporto de Peinador e ao que aspira o Ministerio para o Aeroporto de Peinador, é ao que aspira este Concello para Aeroporto de Peinador? Realmente pensamos que agora xa non é momento de estar pedindo que se faga algo polo Aeroporto de Peinador, pois nós pensamos que si. Igual que era o 5 de agosto no que se aprobou toda unha serie medidas de apoio ao Aeroporto de Peinador e que se fixo de todas elas? Nada, absolutamente nada, non se puxo en marcha ningunha das medidas que están recollidas nese acordo do 5 de agosto, o único que se puxo en marcha foi unha convocatoria para subvencionar a empresas privadas billetes de avión á que non se presentaron.

Non se fixo nada, a situación do Aeroporto de Peinador segue sendo tan crítica como era o ano pasado, como era o 5 de agosto, segue sendo exactamente igual de crítica, o único que se fixo foi gastar cartos en propaganda e publicidade como a que se nos ensinou agora mesmo neste Pleno que a pesares de preguntar cantos cartos lles custaron aos vigueses/as, nunca se nos contestou, a pesares de telo preguntado en Pleno.

Pero a realidade é que non se fixo nada o problema do Aeroporto de Peinador é que segue en crise, que o Ministerio non toma ningunha medida, que a Xunta de Galicia non toma ningunha medida e que este Concello tampouco toma ningunha medida, porque o principal problema do Aeroporto de Peinador como moi ben dicía o Sr. Font, cada Aeroporto e unha realidade, ten o seu problema e o principal problema do Aeroporto de Peinador neste momento é o acordo entre o Partido Socialista e o

Partido Popular neste cidade, ese é o principal problema, que vai facer que ningunha das administracións competentes asuma as súas responsabilidades e tome medidas reais para facer algo polo Aeroporto de Peinador. Ese é o principal problema, como o da maioría da cidadanía nesta cidade en Vigo, que o seu problema é o acordo entre o Partido Popular e o Partido Socialista para non facer nada, esa é a realidade.

Agora o Partido Popular que votou a favor desta moción en A Coruña vaise abster, o Partido Socialista non sabemos que vai facer porque non anunciou o seu voto e non presentou emenda ningunha pero entón a ver agora quen é o que vota unha cousa en A Coruña e outra en Vigo.

PRESIDENCIA: E que nós en A Coruña non votamos, nós votamos en Vigo por iso nós falamos de Vigo, outros debe ser que cren que votan en A Coruña porque falan de A Coruña.

Voulle dicir todo o que se fixo por este Aeroporto, e polas compañías. Primeiro, é completamente falso que non se fixera nada con aquela axuda que se qitou a concurso, quitouse a concurso, quedou deserta e negociamos cunha compañía que se chama Volotea que hoxe inicia os novos voos dende o Aeroporto de Vigo, hoxe nin se decata diso, nin se decata que hoxe ás seis da tarde Volotea presenta os novos voos en Vigo, apoiado polo Concello de Vigo. Debo dicir que co seu voto en contra Sra. Veloso, porque cando se votou esta axuda e cando se votou esta decisión de apoiar Volotea no Concello de Vigo, o Bloque Nacionalista Galego votou en contra.

Segundo, que máis se fixo Sra. Veloso, o verán pasado canceláronse voos dende Air Europa e púxose un turbo hélice, e este Alcalde protestou activamente para que se cambiaran e cando se cambiaron resulta que o voo das sete da mañá quedou sen ser cuberto, este Alcalde foise a Madrid, ademais de falar con Volotea que hoxe inicia os voos, e o voo das sete da mañá está operativo por Iberia Express, vostede non se decata, Sra. Veloso.

Pero sucederon máis cousas Sra. Veloso, é que era malo o horario e o número de voos que había con Barcelona dende Vueling, por certo o acordo con Iberia Express custe cero para este Concello. Se vostede vaise as sete da mañá ve saír o voo de Iberia Express Vigo-Madrid, pero o voo de Barcelona non estaba con voo horario e

só había un voo ao día, falamos con Vueling e conseguimos que Vueling puxera un segundo voo a Barcelona que xa está operativo con novos horarios e neste momento pódese ir a Barcelona e volver no día e non se podía hai só uns meses, as tres grandes liñas Madrid, Barcelona e transversais cubertos pola acción deste Concello e deste Alcalde.

Pero aínda máis porque Air France tomou a decisión dende Francia de quitar un novo voo a Vigo e este Alcalde foise a Madrid falou co Air France, seguimos en conversas porque Air France España de acordo con Alcalde non está de acordo con Air France Francia, e estamos tratando de recuperar un novo voo dende Vigo a París de Gaulle. Pero sabe vostede quen ten voos a Londres? A Coruña, Vigo non porque vostedes fixéronnos quitar a partida orzamentaria que pagaba o voo de Vigo a Londres, vostedes Sra. Veloso, o Bloque Nacionalista Galego, por iso ese voo está agora en A Coruña, en Vigo non porque vostedes obrigáronnos a quitalo e o perdemos e agora estamos intentando recuperalo, agora estamos buscando a forma de retomar o voo de Vigo a Londres que era unha magnífica opción pero eu falo para os cidadáns e a Sra. Veloso xa sei que non quere escoitar, que sucede, que o Bloque Nacionalista Galego votou un acordo en A Coruña, apoiando o Aeroporto de A Coruña e cando o denunciámos nós, eu mesmo, atopáronse con que estaba nunha situación moi difícil porque o Bloque Nacionalista Galego de A Coruña apoiaba ao Aeroporto de A Coruña e o BNG de Vigo non apoiaba ao Aeroporto de Vigo. Entón presentan esta moción para dicir que nós tamén o apoiamos, para dicir non, esta moción Sra. Veloso votouse en A Coruña e se vostedes atenderan a esta moción houberan votado a partida Orzamentaria de Volotea, porque é para a promoción de Vigo e da cidade de Vigo, non é apoio a ningunha compañía e exactamente o que vostedes votaron en A Coruña, exactamente. Iso é o que aparece no Convenio con Volotea, nós non damos os recursos á compañía, nos dámoslle á compañía, para que voando dende Vigo promocioe Vigo nos destinos, e así está no convenio, exactamente igual que o que votaron en A Coruña, polo tanto non se entende que vostedes non votaran.

Polo tanto, seguimos, pero fixemos máis Sra. Veloso, convocamos unha manifestación en favor de Peinador, non a mirei a vostede alí, vostede alí non estivo, Sra. Veloso, non a mirei apoiando ao Aeroporto de Vigo naquela manifestación, por iso nós imos a continuar apoiando a esta cidade e este

Aeroporto e os que se queiran unir benvidos sexan, os que non queiran eles saberán o que fan.

Este sábado ou este domingo inaugurábase unha gran terminal neste Aeroporto, eu non sei se foron invitados ou non, pero vostedes comprende que iso non fai o Goberno de Vigo, faino o Goberno de España pero eu quérolle dicir que estamos orgullosos de ver esa terminal que utilizamos, ben feita, boa terminal, contratada na etapa do Ministro o Sr. Blanco e terminada na etapa da Ministra a Sra. Pastor, e foi unha gran celebración para esta cidade, e alí mesmo algúns dixemos que seguiríamos pelexando cada día para que o Aeroporto de Vigo tivera os voos que tiña que ter. Por iso continuaremos nesa liña pero non admitimos lavados de cara, isto ten que ser activo, profundo e con feitos, non con mocións para tratar de solventar unha grave reprobación que o pobo de Vigo ten con respecto a súa actitude en relación co Aeroporto.

Terminado o debate procedemos á votación da moción.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e vinte e tres abstencións dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 13.05.2014 (Rex. Nº 890/1101), pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, instando a potenciar o Aeroporto de Peinador como ferramenta de benestar e prosperidade económica e turística do Vigo e de Galicia, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.2(85).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A CREACIÓN DUN PROGRAMA PARA O FOMENTO E INTEGRACIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO. EXPTE. 879/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de abril de 2014, número 879/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Dentro da ampla necesidades de inclusión educativa suscitamos unha serie de medidas e a súa urxente aplicación para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) polo que o Grupo Municipal do Partido Popular própon ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL:

A apoiar definitivamente ás familias e alumnado que sofren a problemática dentro dos seus propios centros educativos. Para iso solicitamos a creación dun programa que contemple diferentes accións para fomentar a integración plena no aula. Dende as súas vivencias en centros de ensino público, enténdese que hai un obxectivo común que é a INCLUSIÓN real no eido socioeducativo, que vai máis alá dá mera integración en centros de ensino ordinario. Un programa que inclúa o deseño de pictogramas para alumando autista, que permitirá sinalizar gráficamente lugares como comercios, colexios, hospitais, centros de saúde, puntos de interese turístico, bares, restaurantes, recintos deportivos, etc. Ademais de axudar aos nenos con autismo, tamén servirá para eliminar a barreira do idioma á hora de identificar un lugar e, de paso, sensibilizar cara ao autismo e outras vías de comunicación aumentativa.”

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, na súa sesión ordinaria do 21 de abril de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE:

SR. RELOVA QUINTEIRO: Evidentemente hoxe é un día histórico, sempre se vai o Alcalde cada vez que falo eu, voume a deprimir, é broma eu sei da súas responsabilidades. Dicía que era dous de xuño de 2014, un día histórico posto que como concelleiro do Partido Popular hoxe teño que presentar dúas mocións e acábannos de dar a noticia de que o Rei D. Juan Carlos de España abdicou. Propoñer na aula que todos somos diferentes nalgunha maneira é unha opción moito máis enriquecedora que propoñer que todos somos iguais excepto Pedro.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo queremos facernos eco das demandas históricas das familias que viven unha moi complicada realidade no seu día a día. O Partido Popular reuniuse con diferentes persoas vinculadas con Foampas, fundacións, asociacións, colexios etc. que se vinculan e se preocupan de asesorar e apoiar a familias e ao alumnado que sofre as diferentes problemáticas no entorno que lle rodea.

O Partido Popular coñece moi ben esta realidade e colaborou dende a súa responsabilidade como Goberno en apoiar tódalas medidas posibles para favorecer xa non só a integración tamén un dos grandes retos deste século XXI, a inclusión. O obxectivo final sería chegar a convivir entendendo que cada persoa debe ser recoñecida como é e non polo que nos gustaría que fose. A diversidade non é vista como un problema a superar, senón como un recurso enriquecedor para apoiar a aprendizaxe de todos.

A creación de aulas que fagan sitio e respecten a tódolos nenos/as e tódalas súas diferencias constitúe un reto que esixe tempo. Temos que seguir loitando coas nosas expresións, nosa labor docente e o noso curriculum para tratar de conseguir a inclusión, xustiza e respecto. Actuar en coherencia cunha perspectiva inclusiva da educación e despregar o correspondente proceso de mellora escolar, implica avaliar de maneira continuada a cultura e a organización do centro e da aula, así como potenciar a formación permanente e a capacidade de innovación do profesorado.

A participación do alumnado na aprendizaxe debe estar articulada mediante un curriculum compartido, integrador da riqueza e a diversidade da cultura da comunidade educativa, aberto e flexible para poderse adecuar ás necesidades e os trazos diferenciadores individuais.

A proposta do Grupo Municipal do Partido Popular baséase en facer un maior esforzo por parte do noso Concello, deseñando un plan específico que se poida lograr crear unha sociedade máis solidaria, xusta e humana para coa realidade das familias e dos seus fillos. Para iso o primeiro, e con carácter de urxencia propoñemos a creación e implantación de pictogramas, como vimos en moitas cidades e en algunhas cerca tanto españolas, europeas, galegas, isto é todo un reto de beleza, estética, comunicación, solidariedade e creo que da posibilidades incluso de concursos de imaxe para mozos creadores etc. moitas posibilidades ao respecto. Para iso, como dicíamos, un Plan específico que poida lograr unha sociedade máis solidaria, máis xusta, máis humana e para iso o primeiro e con carácter de urxencia propoñemos a creación e implantación de pictogramas, non só nas escolas senón en tódalas dependencias municipais comezando polo propio Concello de Vigo, Museos, parques infantís, centros de saúde, comercios, puntos de interese turístico, bares, restaurantes, recintos deportivos, autobuses, etc. Un programa que incluía o deseño de pictogramas para persoas autistas, que permitirá sinalizar graficamente ademais de axudar aos nenos con autismo tamén servirá para eliminar a barreira do idioma á hora de identificar un lugar e de paso sensibilizar cara ao autismo e outra vías de comunicación aumentativa.

Estes días víamos con éxito como a Fundación Igual Arte estreaba un espectáculo de danza con persoas que tiñan problemas, pero como eles dicían o problema non é discapacidade senón é que hai que potenciar precisamente esas capacidades. Pero tamén me remito a que o propio Concello de Vigo ten un informe elaborado polo Sr. Espada Recarey, como Valedor do Cidadán onde aquí está absolutamente tódalas enquisas, datos de tódalas asociacións, fundacións etc. que traballan, loitan en Vigo e que necesitan da nosa solidariedade, da nosa xenerosidade e da nosa comprensión para fortalecer unha sociedade máis solidaria, máis humana e achegarnos definitivamente a unha realidade social da nosa cidadanía.

SRA. VELOSO RÍOS: O Bloque Nacionalista Galego quere apoiar esta proposta pero presenta unha emenda corrixindo algunhas cuestións do texto que inclúe o Partido Popular nalgúns casos máis de fondo e noutros casos máis igual de forma pero que neste caso tamén é moi importante porque as formas tamén son precisas para a inclusión.

Por unha banda propoñemos un cambio porque falan de fomentar a integración plena na aula e nós pedimos a inclusión educativa plena porque os nenos dentro das escolas non só se desenvolven na aula senón tamén no patio , actividades etc. tamén propoñemos, cando se fala de deseño de pictogramas para alumnado autista, pedimos que se fale de persoas con autismo porque os pictogramas pedidos ademais, como se están solicitando aquí dunha maneira xeneralizara son para tódalas persoas non só para o alumnado, e tamén pedimos que se elimine a mención a que servirá para eliminar a barreira do idioma á hora de identificar un lugar, porque os idiomas non son barreiras, os idiomas son formas de comunicarse tamén. Nos pictogramas de feito utilízanse os distintos idiomas. Tamén nos gustaría sinalar que cando se pide que se deseñen pictogramas, que existen xa deseñados, de feito existe unha entidade do Goberno de Aragón, "Arasaac" que acaba de recibir un premio de accesibilidade, que ten elaborados 8.200 pictogramas traducidos a quince idiomas e entre eles o galego, que se poderían utilizar perfectamente porque neste caso son recursos públicos dun goberno autonómico que asume as súas competencias. No noso país non temos esa sorte, o Goberno Autonómico non está asumindo as súas competencias para a inclusión plena do alumnado con necesidades específicas, educativas de apoio, de feito a realidade é xusto todo o contrario, ogallá se limitasen as súas necesidades a contar con pictogramas nos coles e nas aulas. Son necesarios si, pero tamén é necesario por exemplo que o profesorado teña formación e a Xunta de Galicia non ofrece ningún tipo de formación ao profesorado, moitos deles nin sequera saben o que son os pictogramas, se queren formarse teñen que facelo no seu tempo libre e costeando do seu propio peto, pero en ningún caso hai ningún tipo de formación para o profesorado. Pero ademais tampouco hai ningún tipo de apoio para os nenos/as que precisan eses pictogramas, recórtanse os profesores de audición e linguaxe que os utilizan fundamentalmente, recórtanse os profesores de pedagogía terapéutica, recórtanse mesmo os coidadores/as que requiren moitos dos nenos con necesidades educativas de apoio e non só iso, recórtanse non se conceden coidadores/as aos nenos que o solicitan e non se substitúen cando hai baixas. Dende a Consellería de Educación deste país, estselle dicindo a pais e nais que non manden os seus fillos ao cole cando a súa coidadora está de baixa, iso é vulnerar tódolos dereitos dos nenos á educación, e esa é realidade do noso país.

A nós de verdade que nos gustaría moito que esta sensibilidade que está amosando o Sr. Relova neste Pleno e que estou segura ademais de que é sincera, servise para transmitila a quen corresponde dentro do Partido que está vostede aquí representando, porque as necesidades dos nenos nas aulas deste país, van moito máis aló destes pictogramas e estanse non só non proporcionando senón que se están recortando, e os nenos/as están sufrindo ademais tódolos recortes porque aqueles nenos/as con necesidades educativas especiais que se teñen que costear do seu peto todo tipo de terapias porque o SERGAS non as ofrece e porque nos coles no se ofrecen, tamén teñen que sufrir o aumento do custe do comedor, ter que pagar os libros escolares e a falta de bolsas para os nenos con necesidades educativas especiais. Entón nós queremos incluír neste texto tamén á Xunta de Galicia, cando se fala do Goberno Municipal nós coincidimos plenamente, porque é máis dende o Plan de Accesibilidade que puxo en marcha o Bloque Nacionalista Galego no mandato anterior, investindo máis dun millón de euros en facer accesibles os edificios públicos desta cidade, non se volveu facer nada, e a nós nos parecería estupendo que se colocasen pictogramas en tódolos edificios públicos e que se promovese tamén en determinados negocios privados como pode ser a hostalaría, pareceríanos moi ben, pero tamén queremos incluír á Xunta de Galicia aquí porque ten competencias que non está asumindo.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Eu, Sr. Relova, tampouco teño dúbida da súa boa vontade, quizais nesta moción se empezara “instar ao Goberno Municipal a que inclúa un deseño de pictogramas” e obviara todo o anterior pois posiblemente a miña intervención sería de dez segundos, pero como vostede fala de que as familias, o alumnado sofren a problemática dentro do seus propios centros educativos aí teño que dicirlle algunha cousa porque dende logo incluír é ser un máis, para a inclusión e ser un máis e poder desenvolver todas e cada das súas propias capacidades. Polo tanto, esa inclusión da que no sistema educativo son responsables vostedes porque gobernan no Estado e gobernan na Xunta de Galicia, dende logo vostedes non están apoiando iso, temos a Lei Wert e temos o propio Decreto da consellería que van totalmente no camiño contrario Sr. Relova, porque estas unidades especiais de apoio educativo do que vostede fala, dende logo non están a ser así.

Este propio curso escolar que remata, vostedes iniciárono con recortes porque

cando vostedes fala de que o Partido Popular colabora con medidas inclusivas eu reitírolle a LOMCE e ao Decreto, pero tamén lle reitero aos Orzamentos e tódolos recortes que fan vostedes en profesores e en peches de unidades educativas, iso é o que fan vostedes, non pode dicir que colaboran cando vostedes despiden profesores, hai 2.500 prazas menos de profesores en Galicia ou cando vostedes pechan centros educativos e masifican aos nenos e estes que teñen necesidades de educación especial non poden ser atendidos.

Polo tanto, eu creo que vostede ten esa boa intención pero vostedes non están apoiando unha educación digna para tódolos nenos/as de Galicia.

Eu voulle lembrar algunha cuestión, este venres déronse tres feitos, fíxese, tódolos vinculados co eido educativo, uns foron unhas xornadas no instituto de Coruxo, onde o Alcalde se comprometeu coa comunidade educativa a facer un circuíto seguro para os nenos/as, é dicir, que poidan acudir ao colexio andando, unha sería de hábitos saudables, de seguridade, que aprenden tamén os nenos/as a valerse máis por eles, non ir ata a porta do colexio cos seus país, pero tamén nunhas xornadas onde vostede estivo organizadas por Foampas e que financiou este Concello de Vigo co convenio, nesas xornadas o relator dicía que Vigo é nas súas escolas infantís o único que ten terapeutas especiais para estes nenos/as, único en Galicia e posiblemente en España, hai outros como vostedes que nos Orzamentos non o poñen porque para vostedes o tema educativo é un gasto, para nós é unha inversión e nenos e nenas, vostede o escoitou como eu, o dicía o relator.

Polo tanto, quérolle dicir que nós estamos agora mesmo na excelencia en canto á eliminación de barreiras arquitectónicas, en canto a outro tipo de barreiras como poden ser estas cuestións. Hai unha terceira cuestión que é a Semana Matemática que se realizou aquí e agora celebrouse o de toda Galicia e saben vostedes que dicían os organizadores? Que mentres as administracións lle pechaban as portas para que estes rapaces/as puideran desenvolverse no tema educativo, quen llas abría era o Alcalde, o Sr. Abel Caballero que nunca os deixaba fora.

Polo tanto, vostede Sr. Relova acode ao Alcalde porque sabe que acudir ao seu partido ó conselleiro de Educación non lle fan caso, saben que o Alcalde preocúpase disto. Pero voulle dicir algo máis, en canto ao mapa de ruído nos comedores escolares, tamén estamos traballando cos directores/as dos colexios, e tamén para as persoas con problemas de audición o bucle magnético, tamén é

outra barreira arquitectónicas que hai que eliminar, para que poidan escoitar unha obra de teatro ou unha película de cine nenos/as cando acoden a un auditorio dos nosos.

Nós imos apoiar a súa moción con respecto aos pictogramas porque estamos comprometidos, e tamén lle digo unha cousa non estamos gastando máis de dous millóns de euros en publicidade como gastaba o Bloque Nacionalista Galego.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Sra. Veloso, de verdade que non considero que se poida interpretar dentro da miña moción que o idioma é unha barreira, non, pero é que en tódolos museos do mundo vense os pictogramas e incluso centros comerciais como Ikea, non o pon a moción que se considere o idioma unha barreira.

Eu quero clarexarlle, tanto ao Sr. Rodríguez como a vostede, que falan da miña sensibilidade e parece que eu teño que darlle clases ao Partido Popular e sinceramente o Partido Popular deume moitas clases diso a través dunha persoa que traballou moito pola labor que é a Sra. Porro. En efecto, só hai que ver o día da procesión do Cristo como as persoas con este tipo de problemas e familias achegáronse a ela con máis devoción que ao Cristo, eu defendo a Sra. Porro porque son admirador dela e da súa labor, non sei se teñen algún problema coas mulleres que fan solidariedade e xenerosidade pero é que ao Partido Popular ninguén lle deu clases nin solidariedade nin de feminismo e menos vostedes, eu teño defender o que teño que defender, non quero embazar a labor que fan Menela, Foampas, Igual Arte nesta cidade. Tamén lle lembro Sr. Rodríguez Díaz, insisto, de que en verdade me sinto moi orgulloso de que o redactor do outro día dixese que é un dos poucos concellos de España, o único de Galicia que ten equipos de axudas dentro dos colexios pero é que esa foi unha cláusula que obrigou o Goberno da Sra. Porro a facer ás adxudicatarias, foi ela, entón non nos veñan a vender a moto de que foi o Sr. Alcalde, Abel Caballero que si o segue promocionando, axudando etc. pero foi a Sra. Porro a que obrigou, eu creo que do pasado non hai que renegar del, non é tan mala a nosa Alcaldesa nin o Sr. Manuel Pérez, nin o Sr. Figueroa, esquécense diso. Fixemos unha labor para traballar, colaborar pola cidadanía e polo problemas dunha realidade social.

Só quero dicir unha cuestión dun psicólogo, o Sr. Gimeno Sancristán que dicía que a diferenza non só é unha manifestación do ser irrepitible que cada un é, senón que

en moitos casos é o de poder chegar a ser, de ter máis ou menos posibilidades de ser e de participar dos bens sociais, económicos e culturais. Esta cita ensinouma a Sra. Porro, hai moitos anos. Admitimos a emenda da Sra. Veloso.

No transcurso do debate, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, presenta a seguinte emenda de substitución,

“Instar ao goberno municipal e á Xunta de Galicia a apoiar definitivamente ás familias e alumnado que sofren os problemas dentro dos seus propios centros educativos. Para iso solicitamos a creación dun programa que contemple diferentes accións para lograr a inclusión educativa plena. Desde as súas vivencias en centros de ensino público, enténdese que hai un obxectivo común que é a INCLUSIÓN real no eido socioeducativo, que vai máis alá da mera integración en centros de ensino ordinario. Un programa que inclúa a colocación de pictogramas para persoas con autismo, que permitirá sinalizar graficamente lugares como comercios, colexios, hospitais, centros de saúde, puntos de interese turístico, locais de hostalaría, recintos deportivos, etc. Servirán ademais para sensibilizar cara ao autismo e outras vías de comunicación aumentativa.”

Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Relova Quinteiro, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

(No momento da votación atópase ausente a Sra. Silva Rego do grupo municipal Socialista)

VOTACIÓN DA EMENDA DO GRUPO DO BNG: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acórdase aprobar a emenda de substitución.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 15.04.2014 (Rex. Nº 879/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, co texto da emenda presentada pola voceira do grupo municipal do BNG, resultando o seguinte texto:

Instar ao goberno municipal e á Xunta de Galicia a apoiar definitivamente ás familias e alumnado que sofren os problemas dentro dos seus propios centros educativos. Para iso solicitamos a creación dun programa que contemple diferentes accións para lograr a inclusión educativa plena. Desde as súas vivencias en centros de ensino público, enténdese que hai un obxectivo común que é a INCLUSIÓN real no eido socioeducativo, que vai máis alá da mera integración en centros de ensino ordinario. Un programa que inclúa a colocación de pictogramas para persoas con autismo, que permitirá sinalizar graficamente lugares como comercios, colexios, hospitais, centros de saúde, puntos de interese turístico, locais de hostalaría, recintos deportivos, etc. Servirán ademais para sensibilizar cara ao autismo e outras vías de comunicación aumentativa.

4.3(86).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL QUE ASUMA A REPARACIÓN ÍNTEGRA DA PRAZA EN SUPERFICIE DO APARCADOIRO DA R/CORUÑA, PRÓXIMA AOS EDIFICIOS DOS XULGADOS E FACENDA. EXPTE. 892/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2014, número 892/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Despois de moitos anos de abandono, despois de moitos anos de valada a praza, despois de denunciar de maneira reiterada a situación de abandono e degradación da praza en superficie do aparcadoiro da rúa Coruña, chegou o momento de que o Concello tome cartas no asunto, e asuma un grave problema que afecta a moitos veciños do contorno e aos empregados e usuarios das administracións alí ubicadas

como Facenda e os Xulgados.

Entendendo que puidera ser un asunto a resolver pola vía xudicial, xa que o parecer quen ten asumir os traballos o concesionario do aparcamento, o Concello podería acometer as obras de humanización e reclamar posteriormente o importe das mesmas.

Non e de recibo que un espazo aberto, de tránsito e de servizo estea valado e cada día máis deteriorado.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

"Que o goberno municipal asuma a reparación íntegra da praza en superficie do aparcadoiro da rúa Coruña, próxima aos edificios dos xulgados e de facenda, e si procede, repercuta o importe da mesma a quen corresponda".

A Comisión Informativa de Fomento, na súa sesión ordinaria do 27 de maio de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE:

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Din que unha imaxe vale máis que mil palabras, voume calar durante un segundos e vou mostrar unhas fotografías que teñen que ver coa moción que imos debater.

Sra. Abelarias, non creo que lle faga moita gracias aos veciños da rúa Coruña dicir que este é un calendario. Dende hai máis dunha década Vigo, o Concello, ten un problema incapaz de solucionar, a praza en superficie do aparcadoiro á da rúa Coruña próxima ao edificio dos xulgados que acabamos de ver en fotos.

Tódolos cidadáns, que son moitos os que viven no entorno da rúa Coruña, cidadáns que traballan nos xulgados, en Facenda, que acoden como usuarios a estes edificios administrativos, que utilizan o aparcadoiro subterráneo, asómbranse e escandalízanse ao comprobar como o paulatino deterioro desta praza deu paso a un espazo degradado e abandonado. Este estado de marxinalidade no que se atopa na actualidade a praza non pode perdurar no tempo ao entender que o Concello podería adoptar medidas urxentes para recuperar un espazo que reclaman os

veciños/as da rúa Coruña. A falla de conservación supón por parte dos responsables políticos desleixo e desidia na xestión que se demanda e que permitiría a recuperación para a cidade dun lugar que dá acceso a varios centros administrativos e debería converterse nunha praza de encontro de cidadáns.

Entrando neste conflito, que entendemos supuxo a paralización de calquera traballo pretendido executar na praza, apelamos aos argumentos que pode utilizar o Concello á hora de executar as obras de rehabilitación entendendo que existe unha disputa entre o Concello e a concesionaria do aparcadoiro por quen é o responsable de executar e asumir os custes da rehabilitación da praza, poderíase intervir e deixar que o conflito xudicial siga o seu canle ata a resolución final.

Os vigueses/as o que están pedindo son solucións e non entenden por que esta situación dilatouse no tempo e ninguén do goberno ofrezca ningún argumento sobre o problema real e sobre todo, cales son as alternativas para desbloquear este problema.

O Partido Popular que foi reiterativo en denunciar esta situación dende os primeiros días deste mandato, simplemente recollen o sentido dos veciños/as e sobre todo dos traballadores e funcionarios dos centros administrativos de dito entorno. Falamos dun centro neurálxico da cidade como é praza de América, falamos dunha zona residencial, dun centro administrativo pola gran concentración de oficinas, dun centro comercial polos seus comercios e mercado, é dicir, falamos dunha parte da cidade que non debemos permitirnos tela neste estado de abandono. En lugar de dotar a praza de elementos dinamizadores como entorno público, como se fixo noutras superficies similares onde existe un aparcadoiro e unha superficie ás que se lles dotou de parques infantís para que poida ser unha praza de convivencia, insistimos non nos parece de recibo que os cidadáns teñan que seguir padecendo estas situacións.

Señores do Goberno, nas súas mans está cambiar a imaxe dunha zona marxinal da cidade, nun centro neurálxico, temos unha zona marxinal cun fluxo moi considerable diariamente de persoas nesa praza chamada da rúa Coruña, próxima aos xulgados que debemos buscar de maneira inmediata unha alternativa a súa solución e a súa posta a disposición dos vigueses/as.

SR. ALONSO PÉREZ: Voume aferrar a descrición do estado da praza porque as fotos

eran boas, entón afórrome a descrición e ademais paréceme moi ben que se repare a praza o que pasa é que quen ten a obriga de reparar a praza é a concesionaria, a concesión é todo o conxunto polo tanto a praza a ten que reparar a concesionaria. Tódalas obras que realizan alí, toda conservación é a concesionaria a súa responsable, é máis cando remate a concesión a volta outra vez ao Concello ten que estar todo en estado de conservación como é debido incluída a praza. Polo tanto, voume a aferrar discursos porque é unha realidade da responsabilidade da concesionaria da reparación e paréceme ben que se repare pero non estou de acordo que se propoña inicialmente que o faga o Concello. Polo tanto, imos solicitar unha emenda previa á petición ao Concello de que se repare e é “instar á concesionaria do aparcadoiro da rúa Coruña a que nun prazo determinado execute a reparación íntegra da praza en superficie, primeiro hai que obrigarlle a quen ten a obriga que é a concesionaria a que repare e no suposto de que non repare pódeo facer o Concello a cargo da concesionaria, pero sempre primeiro o ten que facer a concesionaria e se o fai o Concello porque ela non quere que sexa a cargo da concesionaria que é quen ten a obriga.

Esa é a posición do Bloque Nacionalista Galego e espero que se admita que o Concello obligue a concesionaria a cumprir o que é a súa responsabilidade, que é reparar a praza.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Cando os señores do Partido Popular din que ninguén do Goberno ofrécelle contestación eu teño que dicirlle que este Goberno Municipal tomou un acordo na Xunta de Goberno Local, acordos que son públicos e que están colgados na páxina web deste Concello, Sr. Bernárdez, co cal vostede ou non coñece ou falla á verdade.

Xa anuncio que imos votar en contra desta iniciativa porque como ven di o Bloque Nacionalista Galego que ten que reparar esta praza é a concesionaria. A verdade que eu agradezo ao Sr. Alonso a súa contundencia, non podemos facer “cambalaches”, non é o tempo de facelos das administracións con entidades privadas. O Concello é consciente dende hai tempo que esta praza está deteriorada, polo cal os tres grupos que compoñemos este Pleno estamos de acordo do mal estado desta praza, de feito, esta administración fixo uso das súas facultades de inspección da conservación das obras e instalacións que conforman o

obxecto da concesión, e iniciou o oportuno expediente para requirir a actual concesionaria a adopción dunha serie de medidas co obxecto de emendar a serie de deficiencias existentes nesta praza.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, ordenou á concesionaria do citado aparcadoiro que procedera a adoptar unha serie de medidas de seguridade, de mantemento, consecuencia das deficiencias do peto de pedra granítica, da eliminación da seguridade na praza, de todo o seu perímetro, o aplacada de pedras que se estaban desprendendo, entre outros. Contra esta resolución a Mercantil, a empresa concesionaria do aparcadoiro, interpuxo recurso contencioso-administrativo ante os xulgados, insistindo en que non existe unha obriga para a súa parte, de executar as medidas relativas ao coidado e mantemento desta praza sita sobre o aparcadoiro. Pero é certo que existen razóns, repítollo Sr. Bernárdez, pero é certo, existen razóns para soste dende esta administración, que rexe e vela polo impostos de tódolos vigueses/as que a urbanización da actual praza conforme igualmente ao obxecto da concesión de feito aos pregos de concesión que rexen a concesión, contemplan como obriga do concesionario a execución de obras de reordenación, acabado da superficie e da cuberta do aparcadoiro, neste caso a praza pública da que vostedes falan.

Así é a necesidade e o deber da concesionaria de manter en bo estado a conservación da totalidade das obras e instalacións, sen excluír ningunha das executadas. En consecuencia, e como di o prego, a praza debe ser conservada polo concesionario durante a vixente concesión.

Repítolle o que di o prego “en consecuencia, a praza debe ser conservada pola concesionaria durante a vixencia da concesión”.

No citado procedemento mercantil a concesionaria solicitou unha medida cautelar de suspensión da execución da orde da Xunta de Goberno Local deste Concello, medida cautelar que o xuíz, no xulgado de Vigo, díxolle que non procedía, indicoulle á empresa concesionaria que continuase os aspectos de reparación e mantemento desta praza.

Tras varias reunións deste concelleiro que lles fala, mantidas coa entidade concesionaria, esta levou a cabo determinadas actuacións básicas e provisionais fundamentalmente dirixidas a evitar o risco de caída en altura das persoas, como a desmontaxe dos treitos do peso perimetral de pedra e instalación dun valado

metálico. Reiterámoslle, dende este Concello, dende esta administración, á concesionaria que isto non era suficiente e como dicía o xuíz, ten que facer a obra a concesionaria. Á vista deste contencioso, xa se realizou Sr. Bernárdez, estou intentando contestarlle a tódalas súas preguntas, xa se realizou o pasado 30 de abril, polo que está pendente, nestes momentos, de que o xulgado dite a oportuna resolución xudicial. Dado que o prazo da concesión administrativa e o concesionario ten a obriga de levar a cabo as obras de mantemento e conservación necesarias, agás que a resolución xudicial diga outra cousa, que parece que non é o caso, o Concello só podería realizar estas obras en base a figura xurídica da Execución Subsidiaria, e o cumprimento desta obriga é o que media un previo requirimento.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Simplemente lerlles ao Bloque Nacionalista Galego e ao Partido Socialista o que pide a moción, que o Goberno Municipal asuma a reparación íntegra da praza en superficie do aparcadoiro da rúa Coruña, próxima aos edificios dos xulgados e de facenda e se procede, que podería ser o caso, parece que é o caso, repercuta o importe da mesma a quen corresponda.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, evidentemente non podemos aceptar esta emenda e señores do Partido Socialista, vostedes estiveron catro anos gobernando cando había unha concesionaria nese parque, non resolveron nada, agora gobernan sen o Bloque Nacionalista Galego, levan tres anos sen resolver nada coa nova concesionaria, vostede dicía o 11 de xullo do ano 2013 “o concelleiro de Fomento, o Sr. Regades, saíu onte ao paso das críticas da oposición asegurando que á marxe do litixio xudicial coa adxudicataria do aparcadoiro estase levando a cabo unha negociación coa empresa e un seguimento que confía dea os seus froitos”, aquí nin froitos, nin follas, nin ramas, e vostede está dicindo hoxe aos vigueses/as que van ter que seguir aguantando un foco de abandono, de deterioro, un gueto na praza da rúa Coruña, legalmente o Concello de Vigo se quere pode intervir e logo repercutirillo á concesionaria, pero levamos sete anos con este Goberno. Eu falei co departamento de Asesoría Xurídica o que pasa que non queren gastar os cartos.

No vou perder máis o tempo, hoxe o Goberno estalle dicindo aos cidadáns de Vigo, aos usuarios deses edificios administrativos, a ese centro neurálxico da cidade de

Vigo que é a praza de América, aos veciños da rúa Coruña, aos que teñen alí comercios e tendas, aos que atenden as súas oficinas e despachos, que non queren gastar un duro na praza en superficie do aparcadoiro da rúa Coruña, punto.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.05.2014 (Rex. Nº 892/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, instando ao goberno municipal a asumir a reparación íntegra da praza en superficie do aparcadoiro da rúa Coruña, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.4(87).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ESTUDAR A POSIBILIDADE DE CREAR UN FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO RELACIONADO COA CULTURA GALEGA E LATINOAMERICANA. EXPTE. 893/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2014, número 893/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido

Popular, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Vigo viviu durante as últimas décadas un desenvolvemento moi importante dentro do campo das artes escénicas. Desde a docencia, grupos de teatro, e un numeroso público que se formou durante todo este tempo e que participa de forma masiva nos espectáculos que se programan. O grupo municipal do Partido Popular desexa presentar unha iniciativa na que o Concello de Vigo sexa o promotor e artífice dunha gran mostra ou festival de teatro con carácter internacional e que se relacione coa cultura galega e Latinoamérica. Por iso é importante unir os esforzos das diferentes administracións para involucrarse nun gran proxecto internacional: Concello de Vigo, Porto de Vigo, Universidade de Vigo, Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia e Goberno de España, ademais de entidades con responsabilidades culturais en América e Europa.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Estudar a posibilidade de que o Concello de Vigo cree un FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO , nas que os seus acenos de identidade estean relacionadas con Galicia e Latinoamérica, colaborando coas institucións sinaladas máis arriba.”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión ordinaria do 27 de maio de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE:

SR. RELOVA QUINTEIRO: Vivimos malos tempos para a cultura en Vigo, esta vez non é un informe do Partido Popular, son datos emitidos en xaneiro de 2014 sobre o estado da cultura no conxunto da nación española polo Observatorio da Cultura da Fundación Contemporánea. Para iso, o Observatorio da Cultura leva a cabo unha consulta semestral que pulsa o Estado da cuestión a través dun panel de expertos formados por profesionais de primeiro nivel da nosa cultura, escritores, artistas, directores, actores, músicos, arquitectos, creadores de tódolos campos, responsables de fundacións, directores de museos, centros, institucións culturais, editores, produtores, promotores, galeristas e responsables de industrias culturais,

comisarios de exposicións, xestores culturais e profesionais do sector así como responsables de áreas e institucións culturais da administración pública central, autonómica e municipal. Á hora de valorar as cidades españolas pola calidade da súa oferta cultural, Madrid, Barcelona e Bilbao seguen destacando claramente fronte ao resto, pero volven á lista das 20 primeiras, A Coruña e Palma de Mallorca, mentres que León, Huesca e Vigo caen.

Respecto á innovación de novo Vigo cae do ranking das vinte primeiras cidades en canto á achega de novos proxectos culturais ou orixinalidade nos seus contidos, e respecto aos museos de Vigo o panorama aínda é máis desolador, se fose por este informe pensaría que a nosa cidade non hai museos nin proxección dos seus contidos.

Pero Vigo ten salvación porque é posuidor dun enorme potencial creativo, profesional e un público leal, a gran coincidencia que se da na nosa cidade e no seu entorno é verdadeiramente envexable para calquera cidade do Estado. Un numeroso grupo de compañías estables, amateur, profesionais, salas privadas, a única escola superior de arte dramático de Galicia está situada en Vigo, un dos mellores festivais de teatro alternativo do estado español realizase en Vigo baixo a dirección da Sra. Lola Correa, o ALT, e por suposto a programación da Universidade de Vigo, fundacións bancarias etc. pero ademais a tradición histórica do noso Porto de Vigo como nexo de unión cos países americanos e que levaron a vivir a moitos dos nosos escritores e actores a crear e reflexionar dende o outro lado do atlántico. Temos absolutamente todo par ambicionar un novo espacio escénico para a creación, para a historia e para a tradición, sempre pensando no seu histórico público fiel aos espectáculos escénicos e unha extraordinaria excusa para establecer pontes culturais, turísticos, ocio etc. cos países americanos como por exemplo México, Estados Unidos, Cuba, Arxentina, Uruguai, etc. e por suposto o noso país irmá Portugal.

Dende estruturas que contemplan o público infantil, talleres, congresos, monólogos que están tan de moda, pero quero xustificar historicamente o que se merece esta cidade, porque a partires de 1882 multiplícanse en adiante as compañías de teatro formadas por actores aficionados ligadas ás sociedades culturais e recreativas, orfeóns, tanto no interior do país como en Galicia e na Galicia da emigración nomeadamente en Arxentina e Cuba con unha forte colonia galega. Co cal é

excepcional o intercambio non só dos autores que foron indo cara alá, senón tamén os que viñeron aquí ou intercambiaron, por exemplo o Sr. José Martí en Galicia, a importancia que tivo.

Na última década do 19 o coruñés Galo o Sr. Salinas, despois de volver da inmigración en Uruguai publica a “Torre de pecho Burdelo”, obra teatral en Galego centrada no tributo das cen doncelas, e un ano despois en 1892 o cadro dramático “Filla”, en verso e coa temática do honor dunha rapaza. Na inmigración cubana o Sr. Alfredo Fernández, coñecido por Alfredo Nan de Allariz, estrea o “Bosquejo de la Zarzuela gallega”, “O Zoqueiro de Vilaboa”, nun acto e tres cadros e o monólogo, fíxense vostedes, o monólogo “Recordos de ver un Gaiteiro” e xa en 1903 crease a escola rexional de declamación liderada polo Sr. Eduardo Sánchez Miño que inicia a súa andadura co estreo de “Filla” de Galo Salinas, estreo a que seguiran diferentes obras de Manuel LUGRÍS Freire ambientadas na mariña betanceira, A Ponte, baseada nas inxustizas e na miseria dos aldeáns onde segue traballando coas mesmas temáticas e dramas. Estes estreos están combinados coa ensinanza teatral, coa idea de crear un grupo de profesionais.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Agradecemos a gran lección que nos acaba de dar o Sr. Relova e lembrarnos a historia que é moi gratificante e eu non dubido tampouco da súa vontade de traballar a prol da cultura de Vigo e da cultura de Galicia pero a verdade é que non falou nada da moción, fala de que o Goberno estude a posibilidade de crear un festival internacional de teatro.

Os problemas que ten hoxe a cultura na nosa cidade, os problemas polo que atravesamos o teatro non se arranxan só porque o Concello estude a posibilidade de crear un festival internacional de teatro Sr. Relova, vostede aquí fai esta achega e esquecese de algo que para nós, para o Bloque Nacionalista Galego é moi importante, se poden traer a nosa cidade grandes eventos culturais, internacionais como o que vostede propón, pero hai unha preocupación e unha prioridade para nós, ademais deses eventos que tamén son importantes, que é a cultura da nosa base, a cultura de base. Vostedes estiveron negociando uns orzamentos co Partido Socialista, de feito aprobaron uns orzamentos e neses orzamentos é unha pena que a vostede o Sr. Fidalgo, non lle deixara negociar a parte cultural, porque esqueceronse da aquelas cousas, eventos, iniciativas culturais que na nosa cidade

estaban postas en marcha e que este Goberno Municipal deixou esmorecer. Pero diso vostede na súa moción non reclama absolutamente nada, nin tampouco nos Orzamentos, vostede esquécese de que aquí había un programa que se chamaba “Vigo a escena” que era un programa moi ben coordinado e que daba a oportunidade a que moitos grupos tanto profesionais como de aficionados da nosa cidade puideran ter un espacio, un oco para presentar a súa valía teatral e diso nunca máis se soubo, vostede esquécese de que ese festival de teatro alternativo que vostede tanto acaba de valorar sofre nos últimos anos uns recortes importantes por parte deste Goberno. Vostede esquécese tamén de que é un “Festival Clau”, que foi valorado non só na nosa cidade senón tamén a nivel de todo o estado tamén se deixou esmorecer, iso si anunciásemos hai uns días que parece ser que o Concello de Vigo únese a esa rede de plateas do INAEM que é unha rede de Madrid, é dicir, vannos traer compañías de teatro de fora, e mentres o teatro aficionado galego, vigués, está absolutamente deixado da man de deus. Vostede propón aquí un festival internacional e esquécese de que a Xunta de Galicia leva nos últimos catro anos recortando as subvencións á rede galega de teatros e auditorios, recortando as subvencións á produción e á promoción das obras de teatro no noso país, que leva recortando as subvencións ao teatro aficionado do noso país, e vostede nun alarde de positivismo cre que é o máis importante neste momentos é que en Vigo se organice un festival internacional de teatro. Pois nós queremos que Vigo teña grandes eventos culturais e cantos máis mellor, pero pensamos tamén que unha cidade non se pode construír dende arriba, nós sempre dixemos que hai que traer a esta cidade grandes eventos culturais, deportivos que sirvan de acicate e de espello para o que se este traballando aquí, evidentemente se a cultura e o deporte de base, etc. non se estivera traballando, de nada valen eses grandes eventos, imos traballar en paralelo, hai que fortalecer a nosa base cultural e teatral para que logo teña sentido na nosa cidade traer este tipo de eventos. Dende arriba non se soluciona a cultura, solucionase dende abaixo aportando tódalas administracións, a Xunta de Galicia tamén. Por iso, nós presentamos unha emenda, queremos ese festival internacional de teatro pero presentamos unha emenda que ten dous puntos que nos parece que deben figurar nesa resolución, primeiro, instar ao Goberno Municipal a recuperación daqueles eventos que tiñan que ver co mundo do teatro na nosa cidade e en segundo lugar,

instar á Xunta de Galicia a paralizar os sucesivos recortes na rede galega de teatros, e sobre todo algo que lle está facendo moito dano á cultura, que reclamen do Goberno do Estado a supresión do 21% de IVE para espectáculos culturais e teatrais.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Gracias Sr. Relova pola súa moción, realmente un aprende moito a través da súa moción, pero neste caso quero lembrarlle, antes de dicirlle que si aceptamos a proposta de estudo dese festival de teatro, que precisamente neste ano 2014 vai haber máis representacións teatrais promovidas que posiblemente houbera nunca ou polo menos nos últimos dez anos.

Gracias á colaboración e a programación dentro da rede galega de teatros e auditorios que xestiona AGADIC que xa viñan representando, e este ano por primeira vez como dicía o Sr. Domínguez, anexionámonos a un plan estatal PLATEA, non é como crín entender despectivamente ao Sr. Domínguez Olveira, algo que procede exclusivamente de Madrid senón que é cultura teatral de todo o estado que realmente se promove a través do Ministerio en colaboración cos respectivos concellos de todo o Estado, neste caso co de Vigo. Isto vai proporcionar que Vigo que neste ano 2014, haxa 37 representacións teatrais nestes dous programas, 22 a través da colaboración de AGADIC e trece neste programa PLATEA, máis dous que están fora de programa. A isto hai que engadirlle Sr. Relova, a colaboración que se mantén co "Teatro Ensalle" que é unha sala privada pero que colabora co Concello e permite a pervivencia dunha cultura teatral de base e estable, por outra parte, como o Sr. Domínguez Olveira recoñecía a persistencia na colaboración no "Festival ALT, Alternativo 14" que realmente mantén a mesma achega que mantiña nos dous últimos anos.

Isto, a parte doutras actividades relacionadas xa non directamente co teatro pero coas artes escénicas, polo tanto, esta situación permite que a inversión non o gasto, porque o gasto en cultura é inversión, máis de 180.000 euros con cargo á partida presupostaria de Cultura para facer actividades teatrais, sen prexuízo de que como recoñecemos no inicio desta moción, nós estudaremos dende a concellería de Cultura a posibilidade, na medida orzamentaria que se poida ter para este ano, a posibilidade da programación dun festival internacional como o que vostede di coas connotacións que podemos establecer dentro da propia

concellería.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Respecto ao que di o Sr. Rodríguez Escudero en defecto hai unha manifestación teatral importante, AGADIC pertence á Xunta de Galicia porque parece que é unha axencia privada, pero pertence á Consellería de Cultura. Con respecto ao que di o Sr. Domínguez como dicían na Zarzuela “que fraco é vostede de memoria”, o Sr. Fidalgo dentro dos Orzamentos acordou que houbera unha partida para o “Vigo por dentro” onde había unha partida de teatro na aula, educativo, como me vou esquecer eu, humilde profesor, da base, sei moi ben do que é a base. Pero tamén esquecese de que este Grupo Municipal do Partido Popular presentou unha moción defendendo o “Vigo a escena”, saímos en roldas de prensa defendendo o “Vigo a escena”, ironicamente lembro unha vez que acabei dicindo e o Bloque Nacionalista Galego onde está que non di nada, poderían ter saído dicindo que si, que o Grupo Municipal do Partido Popular ten razón. Tamén voulle dicir algo, o 27 de marzo de 2007, onde a Sra. Ánxela Bugallo no Parlamento de Galicia, conselleira de Cultura no bipartito, propón a creación dun festival de teatro en Galicia, logo diluíse, debeu ser que naquel ano cumpríanse 125 anos de teatro galego e pasou a moda e pasou todo.

Sinceramente, non lle vou dicir ao Sr. Rodríguez Escudero como o ten que facer, eu só dixen, estuden a posibilidade tendo o que temos e dende logo dende a base, porque falei de público infantil, de talleres, congresos, ponencias, etc. e sobre todo potenciar o que aquí é moi importante o teatro amateur, o teatro non profesional porque de aí saíron grandes figuras na cinematografía a nivel nacional e teatral, etc. Logo, volvendo ao pasado, os espazos escénicos que ten esta cidade xa empezando polos gloriosos anos que se viviron dentro de Castrelos ao aire libre, o Teatro García Barbón, o Rosalía, etc. a propia Escola Superior de Arte Dramático, eu creo que isto é unha cuestión de unir forzas porque ademais temos filósofos, pensadores, actores, nenos/as que fan teatro, maiores incluso etc. é xuntar esforzos e xestión de esforzos, poder chegar máis alá. A cultura ten que ser ambiciosa, sobre todo romper fronteiras e chegar ata onde os nosos país, avós, bisavós chegaron, saíndo dun porto tan emblemático para a emigración e a cultura como é Vigo.

Sobre a emenda imos votar que si.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Dominguez Olveira, presenta a seguinte emenda de engádeda,

Engadir un segundo punto co seguinte texto:

2.1.- Instar ao goberno municipal á recuperación daqueles eventos que tiñan que ver co mundo do teatro na nosa cidade.

2.2.- Instar á Xunta de Galicia a paralizar os sucesivos recortes na rede galega de teatros e auditorios e que reclame do goberno do estado a eliminación do 21% de IVE para espectáculos culturais.

Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Relova Quinteiro, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA DO GRUPO DO BNG: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acórdase aprobar a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.05.2014 (Rex. Nº 893/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, co texto da emenda de engádeda presentada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, resultando o seguinte texto:

1.- Estudar a posibilidade de que o Concello de Vigo cree un FESTIVAL

INTERNACIONAL DE TEATRO , nas que os seus acenos de identidade estean relacionadas con Galicia e Latinoamérica, colaborando coas institucións sinaladas máis arriba.”

2.- Instar ao goberno municipal á recuperación daqueles eventos que tiñan que ver co mundo do teatro na nosa cidade.

3.- Instar á Xunta de Galicia a paralizar os sucesivos recortes na rede galega de teatros e auditorios e que reclame do goberno do estado a eliminación do 21% de IVE para espectáculos culturais.

4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non houbo.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

Non se realizaron.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

6.1(88).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, RELATIVO Á NEGATIVA PARA AUTORIZAR UN APARCAMENTO PÚBLICO PARA BICICLETAS.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Nos últimos días apareceu en diversos medios de comunicación información relativa á negativa que o Concello da nosa cidade lle da

a unha tenda de bicicletas eléctricas de colocar diante da súa fachada un pequeno aparcadoiro público para bicicletas.

Pola contra, parece ser que diante da súa fachada a establecementos contiguos si se lles autoriza a colocar unhas terrazas cando estes establecemos xa teñen as devanditas terrazas diante dos seus negocios. E ante isto, a pregunta é a que é debido esta negativa?.

SR. LÓPEZ FONT: Estamos analizando a situación.

6.2(89).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVO AOS PROBLEMAS DE SEGURIDADE NA SUBIDA DO PONTILLÓN.

SR. ALONSO PÉREZ: Na subida do Pontillón cara ao acceso ao Parque de Castrelos hai unha única beirarrúa no lado esquerdo. Na maioría do seu trazado non ten o ancho suficiente para que circule un carro de bebés, o que ocasiona un auténtico perigo para as familias que circulan por esa beirarrúa. Pensa o Goberno tomar algunha medida para resolver estes problemas de seguridade?

Esta pregunta foi contestada conxuntamente coa que a continuación se formula.

6.3(90).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVO AOS PROBLEMAS DE SEGURIDADE NA SAÍDA DO PARQUE DE CASTRELOS.

SR. ALONSO PÉREZ: Se nos situamos no STOP da saída do Parque de Castrelos non temos visibilidade dos vehículos que veñen tanto pola esquerda como pola dereita, sendo o cruzamento moi perigoso. Pensa o Goberno tomar algunha medida para

resolver estes problemas de seguridade?

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Señores do Bloque Nacionalista Galego, creo que tódalas veciñas/os de Castrelos saben que no Plan de actuacións que se está levando a cabo, un proxecto dende Patrimonio Histórico deste Concello e dende Fomento estase desenvolvendo para o soterramento das liñas eléctricas incluso aquel centro de transformación que estaba en fronte do Pazo de Castrelos, pois todo iso vaise enterrar incluído as redes e iso leva consigo unhas actuacións en beirarrúas, en todo ese entorno co cal este problema queda resolto. A verdade é que tivo que chegar este goberno que preside o Sr. Abel Caballero, para que problemas que este cidade ten de forma histórica, ano tras ano, goberno tras goberno que se atope unha solución.

6.4(91).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO AO PROBLEMA TELEMÁTICO NAS INSCRICIÓNS DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós traemos unha pregunta que non temos rexistrada previamente porque non sabíamos se o Partido Popular ía facela, porque xa falara desa cuestión que é sobre o tema dos campamentos de verán desta cidade. Houbo un problema co sistema telemático de inscrición nos campamentos e queríamos saber a que se debeu, e que medidas van tomar para resolver os problemas que de feito supuxo para as persoas que quixeron inscribir aos seus fillos/as nos campamentos.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Pois houbo un problema coa compañía subministradora, neste caso R que foi apercebida da deficiencia que estaba tendo no servizo. Nestes momentos como vostedes saben, saíu un concurso público no que este Concello estase aforrando máis do 30% cando quitou tanto as redes de telecomunicacións como as conversas telefónicas, dentro dese concurso está incluído o cambio deste

servizo que en breve prazo cambiarase para outra compañía.

PRESIDENCIA: Está contestada a súa pregunta Sra. Veloso, se quere presente unha moción.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e doce minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL ACCIDENTAL DO
PLENO,

Abel Caballero Alvarez

Manuel Xosé Lorenzo Penela.